



ACTA

| Expediente núm. | Órgano Colexiado |
|-----------------|------------------|
| PLN/2024/3      | O Pleno          |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

4 de abril de 2024

Duración:

Desde las 19:30 hasta las 23:50

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

| Núm. de identificación | Nome e Apelidos               | Asiste |
|------------------------|-------------------------------|--------|
| 33559345E              | Alexandre Losada Buide        | SÍ     |
| 76578117P              | Alfonso Losada Rodríguez      | SÍ     |
| 33860503H              | Carlos Placido Bujan Lopez    | SÍ     |
| 33314153X              | Jose Manuel López Rodriguez   | SÍ     |
| 32818707F              | MONICA IGLESIAS PREGO         | SÍ     |
| 33317846T              | Maria Margarita Pereira López | SÍ     |
| 32776632E              | Marisol Morandeira Morandeira | SÍ     |
| 76576129K              | María Guadalupe Prado Tomé    | SÍ     |
| 76576366M              | Mónica Roca Ares              | SÍ     |
| 33346610Z              | Paula Campo Barral            | SÍ     |





|           |                        |    |
|-----------|------------------------|----|
| 33317872A | Pilar Vazquez Ares     | SÍ |
| 76584155C | Ramón Rivas Villares   | SÍ |
| 76577542P | SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA | SÍ |
| 33538075G | Ivan Morado Corral     | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1. Aprobación da acta da sesión anterior

Aprobada a acta da sesión extraordinaria de 22 de xaneiro de 2024 cos votos favorables do PSOE e BNG e abstenciendo PP.

### 2. Expediente 318/2024. Dación conta resolucións da alcaldía dende o nº 2024-0039 ata o nº 2024-0236

Dase conta das resolucións da alcaldía dende o nº 2024-0039 ata o nº 2024-0236.

### 3. Expediente 186/2024. Dación conta liquidación 2023

Os membros do pleno toman coñecemento da resolución da Alcaldía de data 29 de febreiro de 2024 relativa aprobación da liquidación do orzamento do ano 2023.

### 4. Expediente 604/2023. Cesión terreo da Escola de Santa Cruz a favor da Comunidade de Montes da Parroquia de Santa Cruz.

|           |                                           |
|-----------|-------------------------------------------|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|-----------|-------------------------------------------|

### << Cesión terreo da Escola de Santa Cruz a favor da Comunidade de Montes da Parroquia de Santa Cruz

Visto os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Solicitud da Comunidade de Montes da Parroquia de Santa Cruz para que por parte do Concello se lles ceda a Escola de Santa Cruz para desenvolver as distintas actividades como local social tal como se reflicte na solicitude presentada con data 7/10/2022 por Carlos Rodriguez Lodeiro en representación do Monte Veciñal en Man Común de Santa Cruz con CIF V27133172.

-Memoria demostrativa de que os fins que persigue redundaran de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal e paralelamente dítame subscrito





por técnico que asevere que os bens non están comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a Entidade local nin e previsible que o sexan nos dez anos inmediatos. Consta memoria asinada en data de 13 de xullo de 2023

-Informe por parte de intervención de fondos no que probe non ter débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento municipal. Consta informe ao respecto de data 30 de xuño de 2023.

-Informe xurídico de data 19/07/2023.

-Acordo plenario de data 27/07/2023 onde se acorda no punto primeiro: <<Ceder con carácter gratuito e permanente a Escola de Santa Cruz ao Monte Veciñal en Man Común de Santa Cruz propiedade deste Concello e cualificado como ben patrimonial no inventario municipal de bens (asento nº 87) e descrito na memoria asinada en data de 13 de xullo de 2023, para fins de interese xeral dos veciños, xa que neste momento non esta sendo utilizado polo Concello e non se prevé a súa utilización nos próximos anos.

Visto que de devandito acordo dedúcese que soamente se cese con carácter gratuito e permanente a Escola de Santa Cruz ao Monte Veciñal en Man Común de Santa Cruz pero na memoria do técnico de medio ambiente de 13/07/2023 tamén se inclúe o terreo na fronte do inmobile que da acceso a vía publica coas seguintes características.

|                    |                      |
|--------------------|----------------------|
| Ref. Catastral     | 27022A035001470000TL |
| Localización       | A Pena – Santa Cruz  |
| Clase:             | Urbano               |
| Superficie:        | 77 m2                |
| Coeficiente        | 100                  |
| Uso:               | Solo sen edificar    |
| Cargas o gravames: | Ningunha             |

Considerando o disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Publicas, no Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.





Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións concedidas ao Pleno polo artigo 22.2 da LBRL.

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, PP e BNG, adoptou o seguinte acordo

**PRIMEIRO.-** Ceder con carácter gratuíta e permanente o terreo na fronte do inmovible que da acceso a vía publica (Escola de Santa Cruz) ao Monte Veciñal en Man Común de Santa Cruz propiedade deste Concello e descrito na memoria asinada en data de 13 de xullo de 2023, para fins de interese xeral dos/as veciños/as, xa que neste momento non esta sendo utilizado polo Concello e non se prevé a súa utilización nos próximos anos.

O terreo conta coas seguintes características:

|                    |                      |
|--------------------|----------------------|
| Ref. Catastral     | 27022A035001470000TL |
| Localización       | A Pena – Santa Cruz  |
| Clase:             | Urbano               |
| Superficie:        | 77 m2                |
| Coeficiente        | 100                  |
| Uso:               | Solo sen edificar    |
| Cargas o gravames: | Ningunha             |

**SEGUNDO.** Someter o expediente a un período de información publica por prazo de vinte días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

**TERCEIRO.** No caso de non presentación de alegacións neste período, se entenderá a cesión como definitivamente aprobada.>>

Aberto o debate por Sra. Presidente o voceiro do PP di que están de acordo ao igual que no seu día votaron a favor da cesión da escola.

A voceira do BNG di que si no seu momento quedou sen facer parécenos lóxico que se faga agora.

A Sra. Alcaldesa di que foi un erro na proposta que se trouxo no seu momento ao pleno cando se cedeu a escola que non ía incluído o terreo por eso houbo que facer esta rectificación.

**Sometido asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

**5. Expediente 268/2024. Modificación do inventario municipal de camiños no lugar As Casas Novas- Parroquia de Pigara.**





**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

## << Modificación do inventario municipal de camiños no lugar As Casas Novas-Parroquia de Pigara.

### Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Solicitude de Miguel Angel Sánchez Otero para a eliminación de camiño publico con nº 10\_2310 de data 17/09/2019 con R.E.: 3813 e eliminación de tramo de camiño publico con nº. 10-2287 de data 19/09/2019 con R.E.: 3921.

- Fichas do Inventario de camiños municipal de Guitiriz aprobado en sesión plenaria do 28 /03/2019 coas seguintes características:

|                                    |                            |
|------------------------------------|----------------------------|
| Código camiño                      | 10_2287                    |
| Referencia catastral               | 27022A00909019             |
| Lonxitude                          | 344,17 mts.                |
| Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Inicio | X: 603074,94 Y: 4785236,31 |
| Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Final  | X: 603407,11 Y: 4785262,03 |
| Material                           | Terra                      |
| Estado                             | Bo                         |

|                                    |                            |
|------------------------------------|----------------------------|
| Codigo camiño                      | 10_2310                    |
| Referencia catastral               | 27022A00909017             |
| Lonxitude                          | 87,36 mts.                 |
| Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Inicio | X: 603366,74 Y: 4784830,99 |
| Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Final  | X: 603391,75 Y: 4784914,69 |

- Informe do Técnico de medio ambiente do concello de Guitiriz nº 2024-0022 de data 20/03 /2024 no que se conclúe que: << *informase favorable a eliminación parcial do trazado do camiño nº: 10\_2287 e a eliminación completa do camiño 10\_2310 incluídos no inventario municipal de camiños, coa única condición de que o solicitante tramitará ante a Dirección Xeral de Catastro os cambios xerados na cartografía catastral.*>>

- Informe xurídico de data 20/03/2024

Considerando o establecido no artigo 17 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.





Vista a proposta de resolución PR/2024/216 de 21 de marzo de 2024.

### **Resolución:**

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, PP e BNG, adoptou o seguinte acordo::

Primeiro.- Proceder a a eliminación completa do camiño 10\_2310 e a eliminación parcial do trazado do camiño nº 10\_2287 segundo se reflicte na ficha que se anexa co presente acordo.

Segundo.- O solicitante deberá tramitar ante a Dirección Xeral de Catastro os cambios xerados na cartografía catastral.

Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo a cantos interesados houbese no procedemento.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia do Concello de Guitiriz .

### **Documentos anexos:**

- Anexo 1. Ficha\_camiño\_10\_2287\_modificada >>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que lido o informe favorable do técnico de medio ambiente don Jose Cornide Rio en canto a eliminación completa do camiño 10\_2310 e a parcial do camiño 10\_2287 non temos nada que dicir.

A voceira do BNG di que vistos que os informes son favorables non temos nada que obxectar, o único que nós chama a atención é que o rexistro da alegación deste veciño é de setembro de 2019.

A Sra. Alcaldesa di que estabamos esperando porque este inventario de camiños tiña varios recursos interpostos e non sabiamos si se ía anular o inventario completo ou so os recorridos de tal forma que si anulaba o inventario completo non tiña sentido resolver as reclamacións pendentes xa que iso implicaría facer un novo inventario. Unha vez resoltos os distintos recursos o inventario sigue vixente por eso estamos agora resolvendo as distintas reclamacións pendentes.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

#### **6. Expediente 301/2024. Modificación de Créditos. Transferencia de crédito entre aplicación de distinta área de gasto. Gastos de inversións.**

|                  |                                                       |
|------------------|-------------------------------------------------------|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b> Ordinaria                    |
|                  | A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0 |





## << TRANSFERENCIA DE CREDITO DE DISTINTA AREA DE GASTO DE INVERSIÓN EN PUNTO LIMPO A INVERSIÓNS EN INFRAESTRUCTURAS DENTRO DO PLAN UNICO.

### Feitos e fundamentos de dereito:

Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa-Presidenta, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que obran no expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento municipal por transferencia de créditos entre aplicacións da distinta área de gasto da implantación do punto limpo a inversións en infraestruturas por importe de 95.461,24 euros derivados da solicitude presentada do Plan Unico do 2024 ante a Deputación Provincial de Lugo

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando o disposto no artigo 180 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais do 5 de marzo de 2004, nos artigos 21.5 e 41 e 42 do Real decreto 500/1990, na Base 12 das de execución do orzamento municipal, así como a competencia das transferencias de crédito entre distintas áreas de gasto que corresponde ao Pleno.

Vista a proposta de resolución PR/2024/210 de 20 de marzo de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 21 de marzo de 2024.

### Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG e coa abstención do PP adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación do orzamento municipal por transferencia de créditos entre aplicacións da distinta área de gasto, de acordo cos datos que se indican de seguido:

| Aplicacións minoradas     | Consignación inicial (aplicación) | Minoración | Consignación definitiva (aplicación) |
|---------------------------|-----------------------------------|------------|--------------------------------------|
| 1621.62300                | 268.064,71                        | 95.461,24  | 172.603,47                           |
| Aplicacións incrementadas | Consignación previa (aplicación)  | Incremento | Total consignación (aplicación)      |
| 453.61900                 | 158.355,24                        | 95.461,24  | 253.816,48                           |

**SEGUNDO.-** De conformidade co establecido nos artigos 179 e 178 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de







marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

**TERCEIRO.-** O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidente o voceiro do PP di que con esta modificación de crédito, transferencia de crédito entre aplicación de distinta área de gasto, gastos de inversións temos a primeira proba de ineptitude do seu equipo de goberno e da pouca previsión do orzamento que se aprobou, a súa falta de rigor queda aquí demostrada posto que un mes e medio despois hai que transferir crédito destinado ao punto limpo para arranxar camiños. Esta claro que o orzamento que nos presentou foi feito as presas, sácalle os cartos ao punto limpo para investir en infraestruturas de camiños dentro do Plan Único.

Gustaríanos saber si esta transferencia de crédito a distinta área a que estaba aplicada pon en risco a construción do punto limpo que vostede anunciaba no seu programa electoral. Destina os cartos que viñan dende a Deputación para o punto limpo as estradas polo que entendemos que non o vai a executar como tamén entendemos que en nestes dous meses dende que se aprobaron os orzamentos as fochancas proliferaron polas nosas estradas posto que non son abondos os cartos destinados para ter as estradas e camiños en bo estado.

Non saben xestionar e non saben investir os cartos do noso concello, non coñecen as súas deficiencias e carencias, para mostra que tiña unha consignación de 158.355,24 € e agora hai que pasar a unha de 253. 816 ,48 como queda con esta transferencia que trae ao pleno.

Queremos saber si se vai a comprometer a executar o punto limpo despois deste cambio no orzamento. Con todo, non imos votar en contra, ímonos abster porque entendemos que é necesario arranxar as fochancas e manter as infraestruturas en mellor estado pero tamén o puideron ter en conta cando fixeron os orzamentos. Reiteramos que nós diga si vai manter o punto limpo despois da modificación?

A voceira do BNG di que queren saber si o punto limpo vaise a levar a cabo igualmente e tampouco sabemos a que estradas se van destinar eses cartos, si realmente teñen prioridade incluso para estar por diante da construción do punto limpo. Dende o BNG entendemos que é necesario para o concello de Guiriz, xa reiteramos varias veces o problema que hai coa recollida de enreses que non atende a demanda veciñal por múltiples factores, a creación do punto limpo polo que o noso voto vai depender de si se vai facer ou non.

A Sra. Alcadesa di que hai que facer esta modificación porque cando se pediu o Plan Único tivemos un erro posto que non se podía incluír ningunha partida neste plan que xa estivera subvencionada por outra administración e o punto limpo estaba subvencionado con Fondos Next Generation a través da Xunta.







Dende o concello xa se licitou o punto limpo e quedou deserto no seu momento pero estamos en contacto coa Xunta para ver como podemos reestruturar o gasto para que sexan compatible cos Fondos Next Generation, pero non desistimos de facelo.

O voceiro do PP di que vostede debería saber que non se podía incluír no Plan Único unha partida que xa estivera subvencionada por Fondos Next Generation.

A voceira do BNG di que en canto a transferencia de crédito en si, é evidente que si eses cartos non poden ir destinados ao punto limpo, teñen que ir destinados a algo. En canto a porque que se chega a esta transferencia de crédito non nos parece moi aceptable pero votaremos a favor porque o que estamos a votar é a transferencia, non como se xestionaron eses cartos.

A Sra. Alcaldesa di que como dixo antes, incluímolos por erro no Plan Único cando non se podía e agora cambiámolos para outra partida presupostaría.

**Sometido o asunto a votación e aprobado cos votos a favor do PSOE e BNG e abstención do PP.**

#### **7. Expediente 298/2024. Modificación de Créditos. Suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesorería 1-2024**

|                  |                                                       |
|------------------|-------------------------------------------------------|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b> Ordinaria                    |
|                  | A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 4, Ausentes: 0 |

### **<< MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2024**

#### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en suplemento de crédito por importe de 97.034,24 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria ou a mesma é insuficiente, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

Vista a proposta de resolución PR/2024/208 de 20 de marzo de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 20 de marzo de 2024.



**Resolución:**

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, coa abstención do PP e cos votos en contra do BNG, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en suplemento de crédito 1/2024 polo importe total de 97.034,20 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais:

**GASTOS**

| CONCEPTO                                                                            | IMPORTE          | PARTIDA   |
|-------------------------------------------------------------------------------------|------------------|-----------|
| Urbanización da rúa Perexil e conexión coas rúas de enlace. Aportación municipal.   | 29.534,20        | 450.61900 |
| Promoción cultural. Traballos realizados por outras empresas. Actividades culturais | 25.000,00        | 334.22799 |
| Ordenación e promoción turística. Gastos de publicidade                             | 15.000,00        | 338.22602 |
| Administración Xeral. Programa nóminas                                              | 12.500,00        | 920.22799 |
| Administración xeral. Estudos e traballos técnico                                   | 15.000,00        | 920.22706 |
| <b>TOTAL</b>                                                                        | <b>97.034,20</b> |           |

**INGRESOS:**

| APLICACION | DESCRIPCIÓN                                 | IMPORTE   |
|------------|---------------------------------------------|-----------|
| 87000      | Remanente de tesouraría para gastos xerais. | 97.034,20 |

**SEGUNDO.-** De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

**TERCEIRO.-** O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.>>





Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que seguimos na mesma, nos orzamentos para o ano 2024 no anexo de inversión vén a rúa Liberdade, que vostede lle prometeu aos veciños/as. Outra vez se equivocou posto que non era a rúa Liberdade que era rúa Perexil, ou vai vostede acometer a obra na rúa Liberdade que lle prometeu aos veciños/as sen os cartos do convenio da Deputación?

Na memoria da alcaldía da modificación orzamentaria que estamos a debater di textualmente “urbanización da rúa perexil, considerase necesario esta dotación para completar o importe da obra como cambio no convenio coa Deputación Provincial de Lugo, para substituír a obra na rúa Liberdade pola rúa Perexil e como consecuencias deste cambio debe consignarse a aportación municipal a esta obra, que é 29.534,20 euros.”

Vostede tamén dixo no pleno de 31 de novembro do ano pasado que nas bolsas 9.2 e 9.4 quedaban cartos para cando hai que facer estudos técnicos ..etc, pero vemos que son insuficientes porque nos di que, hai un estudo para administración xeral, estudos de traballos técnicos para a contratación externa para a elaboración dos estudos de custes para proceder a licitación dos contratos que están pendentes de tramitación. Podería explicarnos que contratos están pendentes de licitación?, porque estamos a falar de 15.000 euros para elaborar devanditos estudos, os cales deberían estar previstos nos orzamentos sin ter que recorrer a crédito financiado con remanente de tesouraría porque a este paso a metade de ano non haberá cartos para calquera continxencia posto que o remanente merma a pasos axigantados.

Outros 12.500 son destinados para o programa de nóminas, outros 15.000 para gastos de promoción turística e publicidade, tampouco se lembrou que ía facer distintas actividades culturais, parécenos un despropósito.

Mais alá de todo o exposto, estás os informes dos técnicos. O de intervención dille textualmente “intervención considera que non se debe recorrer a financiación de gasto corrente cunha financiación extraordinaria, como é o remanente de tesouraría, posto que os ingresos correntes non están sendo suficientes para os gastos correntes e tamén que o uso do remanente de tesouraría como fonte de financiación repercuta na inestabilidade orzamentaria. Advírtelle a necesidade de conter o gasto corrente e adoptar políticas fiscais para garantir os ingresos desta entidade local.”

A voceira do BNG di que, no mes de xaneiro xa preguntamos pola obra da rúa da Liberdade posto que tal como viña nos orzamentos non entendiamos que se tiña pensado facer alí e explicou en que consistía o proxecto, polo que entendimos que estaba confirmando que iso se ía a realizar. Pasados tan só dous meses vemos que hai un cambio de proxecto, cun cambio substancial económico, polo que entendemos que a rúa Liberdade non se vai arranxar e vai todo para a rúa Perexil. O que vemos e que os presupostos deste ano, que están practicamente sin estrear, e xa van dúas modificacións.

De momento nada mais, esperando a súa resposta de porque o cambio do proxecto.

A Sra. Alcaldesa di que o cambio débese a que, para poder facer a senda peonil na rua Liberdade, necesitabamos que os propietarios/as das fincas asinaran a cesión gratuíta





dunha parte dos terreos e houbo algúns que se negaron a facer esa cesión polo que buscamos unha alternativa e na rúa Perexil o concello pode acometer a obra directamente, está no PXOM sen urbanizar polo que é algo mais custosa, de aí esta modificación. Ante a posibilidade de non dar xustificado en tempo o importe do convenio decidimos investilo noutra obra.

Ao marxe disto seguiremos mantendo contacto cos veciños/as da rúa Liberdade para ver si podemos acometer esa senda peonil que nos parece necesaria.

Os orzamentos das entidade locais confórmanse nos orzamentos xerais e nos posibles suplementos de crédito que se financian con remanente de tesouraría.

O voceiro do PP di que lles parece un despropósito, o lóxico sería primeiro pedirlle permiso aos veciños/as e logo pedir a subvención, non ao revés, como fixeron vostedes.

A voceira do BNG di que esta modificación de crédito parécenos unha improvisación e como ben dixo o voceiro do PP parécenos que o máis lóxico sería falar primeiro con veciños/as para asegurarse que esa obra se pode realizar e logo incluíla nos orzamentos.

Parécenos froito da pouca planificación e de traballar con pouca previsión e non nos parece nin moito menos razoable.

A Sra. Alcaldesa di que obviamente inicialmente houbo un primeiro contacto cos veciños/as e todos/as manifestaron a súa conformidade pero chegado o momento houbo algún que cambiou de opinión.

Repito que retomaremos o contacto e escoitaremos as súas demandas.

**Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do BNG e abstencións do PP.**

| 8. Expediente 328/2024. Modificación de Créditos. Suplemento de crédito 2-2024. |                                                       |
|---------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|
| Favorable                                                                       | Tipo de votación: Ordinaria                           |
|                                                                                 | A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 2, Ausentes: 0 |

## << MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2024.

### Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en suplemento de crédito por importe de 26.047,36 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria ou a mesma é insuficiente, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.





Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

Vista a proposta de resolución PR/2024/221 de 21 de marzo de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 21 de marzo de 2024.

### **Resolución:**

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, cos votos en contra do PP e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en suplemento de crédito 2/2024 polo importe total de 26.047,36 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais:

### **GASTOS**

| CONCEPTO                                                                                    | IMPORTE          | PARTIDA   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|-----------|
| Execución de cruce para soterramento de línea de media tensión e melloras da rúa Boa Veciña | 26.047,36        | 450.61900 |
| <b>TOTAL</b>                                                                                | <b>26.047,36</b> |           |

### **INGRESOS:**

| APLICACION | DESCRIPCIÓN                                 | IMPORTE   |
|------------|---------------------------------------------|-----------|
| 87000      | Remanente de tesouraría para gastos xerais. | 26.047,36 |

**SEGUNDO.-** De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

**TERCEIRO.-** O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.>>





Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que dende o grupo popular non entendemos esta modificación de crédito, comenta que é para pagar unhas obras dentro do conxunto de execución da obra “Humanización rúa Boa Veciña. Nós lendo a memoria de dita obra no apartado 4 de descrición das obras, en ningún lado aparece o soterramento da liña de media ou alta tensión, pero o que si di é que non se intervén a rede de servizos xa soterradas nin tampouco a iluminación, substitúense os bancos e papeleiras existentes e se adaptan os rexistros e sumidoiros a nova rasante da calzada substituíndo os sumidoiros que xa foron deteriorados, tamén di que se aproveitara para apertura de explanada e inspeccionar a rede de saneamento por si ten algunha fuga. No punto 3 de variacións detectadas e no punto 2 de obras proxectadas non falan en ningún momento do soterramento da liña de media ou alta tensión.

No informe de intervención advértelle o seguinte “o expediente de tramitación do gasto concreto desta inversión será informado con ocasión da tramitación da licitación da obra ou coa presentación da factura, de ser o caso, non é obxecto deste informe”

Intúo que esta factura terá reparo e por certo esta obra está recepcionada.

A voceira do BNG di que na Comisión Informativa cando falamos disto eu entendín que era para arranxar os pozos de rexistro porque cando se fixo a obra nesa rúa observouse que estaban en moi mal estado e que se arranxaban para non ter que levantar a rúa outra vez. No caso de que sexa isto, a dubida que temos é de quen é a competencia para levar a cabo este traballo, do concello ou teríano que ter feito as propias compañías eléctricas?

A Sra. Alcaldesa di que é competencia nosa porque fomos nós quen o pedimos para quitar o transformador que hai na rúa do Gaibor, a compañía eléctrica díxonos que o sacaba pero tiñamos que facer nós a canalización para que logo eles pasen a liña eléctrica.

O voceiro do PP di que xa preguntamos fai varios meses si as empresas tiñan prazo para emitir as facturas pola obras que levan a cabo neste concello e vostede díxonos que non, que as emitían cando eles querían.

Léolle unha consulta que fixen ao respecto en Facenda, cando o destinatario sexa unha Administración Pública o empresario ou profesional emitirá a factura antes do día 16 do mes seguinte ao que se produciu o devengo do imposto correspondente a citada operación. Acláranos, que a execución de obra con ou sen aportación de materiais cuxos destinatarios sexan Administracións Públicas, cando se produza o momento da súa recepción, por poñer un exemplo cando o destinatario sexa unha administración pública o devengo prodúcese no momento en que se produce a recepción da obra, non no momento que se poña a disposición do seu dono. Todo elo sen que houbera pagos anticipados do IVE que se devenguen no momento dos mesmos e sobre o seu importe.

Xa ve vostede cando se recepcionou esta obra, cando está pedindo os cartos e cando vai chegar a factura, esta factura traerá cola.

O noso voto vai ser desfavorable porque non queremos ser cómplices de tantos atropelos da legalidade.







A voceira do BNG di que tal como o acaba de expoñer paréceme unha obra moi boa para o concello pero tamén, que lle estamos facendo un regalo as compañías eléctricas, que bastantes nos esquilman a todos/as, deberían ser elas as que fixeran esa canalización, polo que non nos parece axeitado regalarlle eses cartos.

A Sra. Alcaldesa di que dependendo do tipo de clasificación do solo xa non se poden colocar as liñas de forma area polo que teñen que soterralas e como esta liña esta aí dende fai moito tempo non teñen a obriga de facelo.

**Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do PP e abstención do BNG.**

| 9. Expediente 319/2024. Modificación puntual RPT ( 11ª ) |                                                       |
|----------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|
| Favorable                                                | Tipo de votación: Ordinaria                           |
|                                                          | A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 4, Ausentes: 0 |

**<< Modificación de expediente de 11ª modificación da RPT ano 2024.**

#### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Acordo plenario de data 30/05/2013 polo que se aprobou definitivamente o Organigrama Municipal e a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz (Anexo I).

-Acordo plenario de data 30/03/2023 polo que se aprobou definitivamente a modificación da RPT (8ª modificación texto refundido), publicada no BOP de data 11/04/2023.

-Acordo plenario de data 28/09/2023 polo que se aprobou definitivamente a modificación puntual da RPT (9ª modificación) publicada no Bop de lugo nº 279 de 5 de decembro de 2023.

-Acordo plenario de data 25/01/2024 polo que se aprobal inicialmete a 10ª modificación da RPT.

Incoación de data 21/03/2023 na que se incoa expediente para a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz aprobada por acordo plenario de data 25/01/2024

- Mesa de negociación celebrada en data 20/03/2023.

Informe de secretaría nº 2024-0051 de data 21/03/2023.







Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Vista a proposta de resolución PR/2024/224 de 22 de marzo de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 25 de marzo de 2024.

### **Resolución:**

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE a abstención do PP e os votos en contra do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Modificación da RPT, ficha28:

Ficha RPT Nº28: Traballadora social SAF. Código 40 e 75

FICHA Nº 28. Posto de traballo: Traballador/a Social SAF (código 40 e 75)

- ¾ Características esenciais: Persoal laboral fixo da Corporación Municipal.
- ¾ Grupo (Equivalencia): A2
- ¾ Formación específica: Si
- ¾ Forma de provisión: Concurso-oposición/Oposición Libre
- ¾ Nº de postos: 1
- ¾ Vacantes: 0
- ¾ Retribucións integrais anuais: 27383,47 (actualizado 2024, sen trienios)
- ¾ Adscrición: Sección de Servizos Sociais, Servizo de Axuda no Fogar (SAF) (Responsable de Servicio).
- ¾ Principais funcións do posto:

### **Xenerais:**

-Funcións propias do posto: Cumprimento de instrucións e directrices do Responsable de Servizo; procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.





-Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de documentos que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

-Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.

- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días de atención ao público.

-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

-Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas do posto:

-Funcións xenéricas propias da titulación de Traballador Social.

-Colaboración e apoio nas actividades, programas e plans de actuación municipal das distintas Unidades de Servizos Sociais, de acordo coas instrucións do Responsable do Servizo.

-Dirección e xestión do servizo de axuda no fogar de acordo coa normativa autonómica e as ordenanzas municipais que regulan a materia.

- Emisión de informes, dirección técnica de programas, tramitación de expedientes de servizos sociais, tramitación e seguimento de expedientes de subvencións na materia.

-Informar, asesorar e orientar ás persoas, familias e colectivos sociais sobre os dereitos, obrigacións e recursos en materia de servizos sociais.

- Redacción de memorias, orzamentos e demais documentos técnicos necesarios para a solicitude ou xustificación de subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados.

Atención ao teléfono de incidencias do SAF todos os días da semana.”

SEGUNDO: Sen detrimento da fase de alegacións por parte dos interesados unha vez aprobado, no seu caso, o expediente inicialmente polo Pleno, solicítase a participación dos representantes do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz no exercicio dos seus dereitos de información e audiencia como interesados, e as súas funcións de representación colectiva, todo elo ao amparo do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores, e da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas.>>





Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que preséntannos a undécima modificación da RPT. Despois de ler os informes tanto de secretaria como de intervención, resúltanos moi chamativo, que cremos, que non hai acordo nin cos representantes dos traballadores ni cos sindicatos, polo que nos gustaría saber si houbo acordo na mesa de negociación ou si tan sequera se chegou a tratar o tema.

No informe de intervención dise “vista a documentación que consta no expediente, esta intervención comproba que a tramitación do mesmo reúne todas as previsións que a normativa establece, agás que non consta no expediente a acta da mesa de negociación de 20/03/2024 para poder verificar a celebración da mesma e si o asunto foi obxecto de negociación, aínda que consta tamén que o asunto estaba na orde do día da mesa de negociación de 20/12/2023.”

Tamén nos parece moi chamativo que no apartado tres do mesmo informe diga que aínda que a valoración este ben fundamentada a mesma non parte do mesmo criterio de calculo das valoracións iniciais, nin neste posto de traballo nin no resto dos postos de traballo da RPT, polo que se poden producir situacións de discriminación de diferentes criterios de valoración dentro da mesma relación de postos de traballo.

O método desta valoración basease nunha asignación de puntos segundo factores complementarios do posto de traballo, pero non se dispón cal é o valor do punto, polo que non se entende como se pasa dunha puntuación de 1,125 puntos a 7.153 euros a efectos de determinala.

A cuantificación dos postos de traballo e ademais na relación de postos de traballo para o persoal laboral, regúlanse retribucións integrais anuais e non se fan distincións entre nivel de competencia e factores complementarios como se fai na actual ficha de xustificación da valoración.

Tamén lle advirte a interventora no seu informe que se vai aprobar a undécima modificación da RPT cando aínda non foi publicada no BOP a décima modificación, que si estaba aprobada definitivamente, pero pendente desa publicación segundo esixe o artigo 127 do Texto Refundido de Réxime Local, saíndo publicada o 26 de marzo de 2024.

Vostede xustifica ademais este aumento na retribución con que se ten que atender o teléfono todos os días da semana pero na ficha 28 da RPT xa consta nas principais funcións do posto, a atención ao público directamente o por teléfono todos os días da semana.

O voceiro do BNG di que pleno tras pleno traen unha nova modificación, insistimos, como xa dixemos nos anteriores plenos que hai que negociar cos representantes dos traballadores unha nova RPT e deixarse de facer modificacións a salto de mata. Como ben dixo o voceiro do PP, aínda non se publicou a modificación anterior e xa se esta facendo unha nova.





A Sra. Alcaldesa di que esta modificación levouse a mesa de negociación de decembro co resto dos puntos da anterior modificación pero neste punto non houbo acordo cos sindicatos por eso preferín non levala coa idea de que na seguinte mesa de negociación houbera consenso.

Esta modificación débese a que hai un teléfono móbil dos servizos sociais que se atende durante as 24 horas do día, os sete días da semana, e dicir, hai dúas traballadoras sociais que se encargan de organizar o servizo de axuda no fogar que levan o telefono móbil polas tardes e o fin de semana para atender as incidencias que haxa, estando así o servizo moito mellor cuberto. Isto lévano facendo moito tempo e retribuíuse de distintas formas (produtividade, gratificacións) pero ningunha era a axeitada xa que non se pode manter no tempo por iso se decidiu facer esta modificación na súa ficha da RPT para incluír este traballo nas súas retribucións.

Xa lle pedín a Deputación que nos faga unha nova RPT, quedaron en dicirme o tempo que van tardar en redactala para que nós decidamos si queremos esperar ese tempo ou encargala a unha empresa privada.

O voceiro do PP di que pedímoslle que faga dunha vez por todas unha RPT, ben a través da Deputación ou a través dunha empresa privada e intente pactala cos axentes sociais e os traballadores para chegar a acordos con eles.

Sabemos que o traballo desas dúas traballadoras que levan o telefono para casa é impagable.

O voceiro do BNG di que somos coñecedores do traballo desas traballadoras e seguramente é un problema que xa tiña que terse solucionado fai anos, pero eso non obvia o fondo da cuestión que é facer unha nova RPT no mínimo prazo posible.

A Sra. Alcaldesa di que, reitero que teño o compromiso para que me digan dende a Deputación canto tempo tardan en redactala para valorar si queremos esperar ou ben a encargamos a unha empresa privada.

**Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do BNG e abstencións do PP.**

| 10. Expediente 337/2024. Incoación expediente do contrato mixto "Servizos enerxéticos do alumeado exterior e os edificios municipais do Concello de Guitiriz" |                                                       |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|
| Favorable                                                                                                                                                     | Tipo de votación: Ordinaria                           |
|                                                                                                                                                               | A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 2, Ausentes: 0 |

**<< Incoación expediente do contrato mixto "Servizos enerxéticos do alumeado exterior e os edificios municipais do Concello de Guitiriz"**





Vista a necesidade de contratar unha empresa que realice unha actuación global e integrada sobre as instalacións do alumeadado exterior municipal e dos edificios municipais co fin de mellorar a eficiencia enerxética do alumeadado exterior e así mesmo conseguir un aforro enerxético nos edificios públicos, constando a estos efectos memoria xustificativa 22 /03/2024.

## **PRIMEIRO.- Obxecto do contrato.**

O obxecto do Contrato para adxudicar é a realización dunha actuación global e integrada sobre as instalacións de iluminación exterior municipal, e os edificios municipais, mediante a modalidade de servizos enerxéticos por unha Empresa de Servizos Enerxéticos (en diante ESE), que desenvolva as prestacións que se recollen no prego de prescricións técnicas, e de conformidade cos documentos que forman parte do Contrato, os cales á súa vez formarán parte do Contrato para asinar co Adxudicatario

De conformidade co artigo 28 e 116.4 da Lei de contratos do sector público (LCSP), a necesidade e idoneidade e eficiencia da realización deste contrato xustifícase porque:

*“Por Real Decreto 1890/2008 do 14 de novembro, aprobouse o Regulamento de Eficiencia Enerxética en Instalacións de Iluminación Exterior (en diante REEIAE ou Regulamento) como un novo marco legal necesario para mellorar a eficiencia enerxética nas instalacións de iluminación exterior mediante a regulación dos niveis máximos de iluminación dos espazos en función da actividade que se realiza neles, da incidencia da iluminación cara a outros espazos e pola esixencia dun nivel mínimo de eficiencia enerxética para os puntos de luz, así mesmo co fin de alcanzar o potencial de aforro enerxético dos edificios públicos mediante a renovación das súas instalacións consumidoras e a implantación de plans para manter ou mellorar a súa eficiencia enerxética a longo prazo, convócase este Concurso mediante a realización dun contrato de servizos enerxéticos realizado cunha Empresa de Servizos Enerxéticos, (en diante ESE)*

*As positivas consecuencias enerxéticas, lumínicas e económicas que a aplicación deste Regulamento poderá representar sobre o actual sistema de iluminación exterior do municipio convidaron a este Concello para considerar necesario abordar un programa para a adecuación da iluminación exterior a este Regulamento, ademais a contratación desta figura dese na xestión e explotación do edificio no seu conxunto, ou de determinadas instalacións enerxéticas do mesmo, permitirá acometer e acelerar a posta en marcha de solucións técnicas, grazas á capacidade de financiamento dos investimentos e a súa posterior amortización polos aforros que esta nova actividade conleva.*

*Previamente realizouse unha auditoría enerxética da iluminación pública exterior do municipio co fin de coñecer a viabilidade técnica e económica da súa adecuación ao mencionado Regulamento, así como ao resto de normativa vixente. O resultado permitiu non só coñecer a súa situación desde o punto de vista da súa explotación, funcionamento, estado dos compoñentes e prestacións das instalacións de iluminación, senón tamén a valoración das actuacións necesarias para conseguir unha redución do consumo eléctrico na iluminación pública do municipio en base aos preceptos do REEIAE.*





*Dado o potencial de aforro enerxético detectado nas instalacións de iluminación exterior, o obxectivo do titular das instalacións é o de executar unha actuación global e integrada que permita dar cumprimento ás novas esixencias normativas e sociais de eficiencia enerxéticas e de redución dos niveis de contaminación lumínica sen que iso supoña incorrer en custos por parte do Concello.*

*Tamén se avaliaron os consumos enerxéticos, e describíronse os edificios municipais existentes, para que o Adxudicatario poida realizar a súa proposta coñecendo todo tipo de detalles e consumos do total das instalacións.*

*En consecuencia, sen prexuízo de que as condicións económicas de execución do Contrato determinaranse definitivamente en base á oferta, o Adxudicatario, en tanto que xestor global dos servizos enerxéticos das instalacións obxecto do Contrato, será retribuído en base aos actuais gastos incorridos polo Concello titular das instalacións de iluminación exterior e edificios municipais, para a obtención de todos os servizos que constitúen o obxecto desta actuación global e integrada.*

*Desta forma, o Adxudicatario obterá rendibilidade pola execución deste contrato en base á súa capacidade de implementar aquelas medidas de eficiencia enerxética tomando como punto de partida as especificacións técnicas e económicas contidas na auditoría enerxética e que poderán ser de alcance diverso. Así, a substitución de instalacións obsoletas por instalacións modernas e eficientes, a execución de obras de mellora e renovación das instalacións consumidoras ou a simple implantación de novos protocolos de mantemento e xestión, entre outras, supoñerán maiores niveis de aforro e eficiencia enerxética que, en definitiva, redundarán nun maior beneficio do Adxudicatario do Contrato.*

*Para realizar estas actuacións de reforma e adecuación das instalacións de iluminación exterior do municipio ao Regulamento de Eficiencia Enerxética en Instalacións de Iluminación Exterior (REEIAE) e á normativa autonómica e local que poida afectar a estas instalacións, convócase esta licitación para a realización dun contrato de servizos enerxéticos realizado cunha Empresa de Servizos Enerxéticos, (en diante ESE). Esta empresa vén definida no artigo 19 da Real Decreto –Lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, como aquela persoa física ou xurídica que proporciona servizos enerxéticos nas instalacións ou locais dun usuario e afronta certo grao de risco económico, sempre que o pago dos servizos prestados se base, xa sexa en parte ou totalmente, na obtención de aforros de enerxía por introdución de melloras de eficiencia enerxética e no cumprimento dos demais requisitos de rendemento convidados.*

*O servizo enerxético prestado pola ESE consistirá nun conxunto de prestacións incluíndo a realización de investimentos inmateriais, de obras ou de subministracións necesarias para optimizar a calidade das instalacións e a redución dos custos enerxéticos. Esta actuación poderá comprender ademais o seu mantemento, a súa explotación ou a súa xestión derivados da incorporación de tecnoloxías eficientes. O servizo enerxético así definido deberá prestarse baseándose nun contrato que deberá levar asociado un aforro de enerxía verificable, medible ou estimable.*







*A contratación desta figura de ESE na xestión e explotación das instalacións da iluminación exterior do municipio e dos seus edificios municipais, permitirá acometer e acelerar a posta en marcha das solucións técnicas achegadas pola auditoría enerxética, grazas á capacidade de financiamento dos investimentos e a súa posterior amortización polos aforros que esta nova actividade conleva.*

*Entre as vantaxes que estes contratos ofrecen para o sector público está o que os investimentos de mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública e edificios municipais fináncianse directamente dos aforros e que o sector privado asume os riscos das obras e instalacións necesarias, podendo garantir o aforro de enerxía, baseándose na súa experiencia para axudar a conseguir as mellores solucións técnicas.”*

## **SEGUNDO.-Clase de contrato.**

O presente contrato ten carácter administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 /UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

Tratase dun contrato mixto (subministro e servizos) sendo de aplicación o previsto no artigo 18 da LCSP :

*“Entenderase por contrato mixto aquel que conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. Unicamente poderán celebrarse contratos mixtos nas condicións establecidas no artigo 34.2 da presente Lei. O réxime xurídico da preparación e adxudicación dos contratos mixtos determinarase de conformidade co establecido neste artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo con o disposto no artigo 122.2.”*

Se trata dun contrato suxeito a regulación harmonizada cuxo valor estimado é superior a 221.000 € .

## **TERCEIRO- Xustificación do procedemento aplicable.**

A vista das características e do importe do presente contrato optase pola utilización do procedemento aberto regulado nos artigos 156 a 158 da LCSP, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición. A adxudicación realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación obxectivos baseados no principio de mellor relación calidade-prezo de conformidade co artigo 145.1 da LCSP. Os criterios de adxudicación elixidos perseguen mellorar as condicións económicas e a calidade da prestación do obxecto do contrato. A ponderación da puntuación dos criterios trata de garantir que as ofertas sexan valoradas con obxectividade e transparencia. Neste sentido, aos criterios cuxa valoración depende de xuízos de valor se lles outorga puntuación inferior aos que se valoran matematicamente.

## **CUARTO.- Xustificación da non división en lotes.**







O obxectivo do contrato no resulta susceptible da súa división en lotes. A motivación desta indivisibilidade ao amparo do artigo 99.3.b) da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, residiría na propia natureza e o obxecto do contrato, así como o feito de tratarse dunha actuación global e integrada que permite dar cumprimento as novas exigencias normativas e sociais de eficiencia enerxética e de redución dos niveis de contaminación luminosa, integrado por un conxunto de prestacións totalmente complementarias e vinculadas entre si como unidade funcional e que non poden ser separadas sen que sufra deterioro ou prexuízo na consecución do fin perseguido, de modo que nas presentacións deben agruparse nun so contrato na razón da función que van cumprir e non polo seu maior ou menor semellanza. En definitiva, todas as presentacións orientadas na consecución da finalidade do contrato, isto é, a presentación integral e global dos Servizos Enerxéticos do Concello de Guitiriz, deben dar lugar a unha soa resposta contractual e no a unha multiplicidade nelas, por razóns principalmente de facilidade de xestión, por non ter varias empresas diferentes para un servizo integral, que ademais ten unhas características moi concretas; e, baixo ese obxectivo so admite unha única solución, e sua división e execución por unha pluralidade dos contratistas diferentes, desnaturalizaría o propio obxecto do contrato e imposibilitaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico e económico, en canto o que propoñemos nese sentido, xera un aforro de custes, respecto ao suposto da licitación separada en lotes.

#### **QUINTO.- Xustificación dos criterios de adxudicación.**

A elección dos criterios de valoración realizouse buscando a obxectividade dos mesmos e a fin de axilizar a tramitación do expediente de contratación, establecéndose unha pluralidade de criterios cos que se pretende conseguir a mellor relación calidade-prezo das ofertas que de cobertura ás necesidades a satisfacer a través do contrato. Acompáñanse criterios cualitativos ao criterio do prezo (no marco do sinalado no art. 145 da LCSP). Os criterios propostos están vinculados ao obxecto do contrato (ao estar vinculados ás prestacións a realizar en virtude do contrato) e resultan acordes aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, contribuíndo así mesmo a obter obras de calidade. Así mesmo os criterios propostos permiten que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva.

Considerando o disposto na seguinte lexislación aplicable, concretamente o artigo e a 116 Disposicións Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, cos votos en contra do PP e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Incoar expediente de contratación coas seguintes características, sen prexuízo de que posteriormente á vista dos informes e pregos de condicións do contrato se poida concretar ou modificar ditos datos iniciais:

|                                                                                          |
|------------------------------------------------------------------------------------------|
| Subtipo do contrato: Mixto (subministración e servizos suxeito a regulación harmonizada) |
| Obxecto do contrato: "Subministro e Servizos enerxéticos do alumeado exterior e dos      |





|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------|
| edificios municipais".                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                |
| Procedemento de contratación: aberto                                                                                                                                                                                                                                                                              | Tipo de Tramitación: ordinaria |
| Código CPV: 50232100-1 Servicios de mantemento alumado público de calles<br>50700000-2 Servicios de reparación y mantemento de equipos de edificios 71314200-4<br>Servicios de xestión de enerxía dos recollidos no Regulamento (CE) nº 451/2008 del<br>Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de abril de 2008. |                                |
| Valor estimado do contrato (sen IVE): 7.051.005,43 euros (20 anos)                                                                                                                                                                                                                                                |                                |
| Orzamento anual base de licitación IVE excluído: 352.550,27 €                                                                                                                                                                                                                                                     | 21% IVE%: 74.035,56 €          |
| Orzamento anual base de licitación IVE engadido: 426.585,83 euros                                                                                                                                                                                                                                                 |                                |
| Duración da execución: 20 anos                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Duración máxima: 20 anos       |
| División en lotes: non                                                                                                                                                                                                                                                                                            | Número de lotes:               |
| Observacións:                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                |

SEGUNDO.- Xustifícase a necesidade da realización do presente contrato e a insuficiencia de medios de acordo cos artigos 28.1 e 116.1 e 116.4 e) e f) da LCSP polos seguintes motivos:

- O servizo a contratar é necesario para conseguir a seguinte finalidade de interese público: prestar o servizo obrigatorio de alumado público, satisfacendo unha competencia municipal segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

- No cadro de persoal non hai ningún posto de traballo que poida realizar o obxecto do contrato, por ser funcións específicas non habituais, e non pode contratarse novo persoal de acordo coas limitacións da LPXE, polo que óptase por contratar os servizos dunha empresa especializada no sector.

-Non se dispón dos medios materiais necesarios.

A realización desta contratación é a forma máis idónea de satisfacer o interese público local.

TERCEIRO.- Que por secretaría se emita informe xurídico e se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e os pregos de prescrición técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Que por intervención municipal se acredite a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que supón a realización deste contrato, e que emita un informe sobre a fiscalización previa.

QUINTO.- Que se emitan os informes técnicos necesarios para aprobar o expediente de contratación.





SEXTO. Comunicarlle o presente acordo aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que o que se pretende coa incoación deste expediente é empeñar ao noso concello por 20 anos, e non por 7.051.005,43 € como dí, xa que si engadimos o IVE o importe é de 8.531.716,50 €, unha loucura para un concello como o noso, cremos que hai que ser prudentes no gasto como lle di a interventora nos seus informes.

As enerxías novas e renovables, o novo alumeado led, poñer placas solares para autoconsumo do concello, si que podería abaratar o consumo do noso concello pero dende logo facer un contrato que nos empeña 20 anos, deixarlle un contrato aos nosos nenos/as que hoxe teñen 10 anos posto que cando teñan 30 van ter que seguir pagando, no caso de que o expediente saia a diante.

Hai que mirar os prezos de mercado, incluso facer un contrato bianual ou trianual, pero non nós deixe hipotecados para cinco lexislaturas porque en dez anos todo o que coñecemos hoxe en día será obsoleto, non entendemos o afán de hipotecarnos a 20 anos.

Poñolle un exemplo, o orzamento que trouxo a liquidación neste pleno pon que entre enerxía eléctrica, material eléctrico e material electrónico, quedando este ultimo fora do contrato, ten un importe 414.192,07 € e dicir, mais de 12.393,76 € por debaixo do que pretende licitar, en total para os 20 anos aforrariamos 247.875,20 €.

Parécenos un disparate hipotecar ao noso concello cun contrato a 20 anos .

O voceiro do BNG di que estamos diante do inicio dun expediente para un contrato mixto cunha empresa de servizos enerxéticos para cesión de uso e explotación das instalacións da iluminación publica e exterior do concello, cun importe de 8,5 millóns de euros durante 20 anos.

Consta na memoria que o traballo esta avalado por un traballo previo feito por unha auditoría enerxética que non se acompaña ao expediente. No expediente non hai ningún informe técnico, que si se acompañaba a proposta que xa veu a Pleno fai un ano, daquela aprobouse solicitar unha estrutura de custes a distintos operadores, estrutura de custes que non consta no expediente polo que non sabemos si a memoria baséase nese cálculo de custes ou noutro tipo de cálculo para establecer o valor do contrato.

Neste contrato hai cinco prestacións asociadas: xestión enerxética, xestión de mantemento, reparación dos elementos deteriorados, financiamento das obras de mellora e renovación das instalacións consumidoras de enerxía e investimento en aforro enerxético e enerxías renovables.

Hai un punto que nós chama a atención, cando di que no caso de que o concello sexa beneficiario de algún incentivo ou xenerase recursos propios poderán amortizar o investimento total ou parcialmente trasladándose a cota que aboaremos polo resto de prestacións.





Parécenos que se está facendo unha privatización da posibilidade da xeneración de enerxía. Faise unha contratación cunha empresa que se vai encargar de toda a xestión integral do que significa a enerxía do sistema público deste concello, tanto de edificios como exterior, e a empresa vai poder ter unha serie de beneficios a conta de posibles instalacións deste concello.

A Sra. Alcaldesa di que como ben se recolle na proposta estamos falando da incoación dun expediente de contratación que debido ao importe do contrato ten que traerse a Pleno.

Como ben se dixo aquí, o ano pasado as partidas contempladas sumaron un gasto de 414.192,07 e neste contrato o importe inicial de licitación anual sería de 426.585,83 €, con esta diferenza este contrato o que vai supoñer para o concello é aforro en investimentos enerxéticos, e dicir, ademais do subministro, do mantemento e a garantía vai supoñer de beneficio para o concello que se cambien as instalacións para que o consumo enerxético sexa menor.

Saberemos a cantidade anual a pagar pero ademais incluírán a substitución de luminarias, instalación de paneis solares e de caldeiras de biomasa e como se establece na prestación P4 (financiamento das obras de mellora e renovación das instalacións consumidoras de enerxía) será o concello o que diga que instalacións hai que renovar, como se renovan e en que prazos, realización e financiación de obras de mellora e renovación das instalacións obxecto da presente licitación propostas polo concello e que non impliquen ningunha actuación da incluídas na prestación P5 (investimentos en aforro enerxético e enerxías renovables).

O adxudicatario tamén estaría obrigado entre os anos 12 e 15 a realizar un cambio total das luminarias que se substituíron ao comezo do contrato así como daquelas instalacións dos edificios que fosen cambiadas e a súa vida útil sexa inferior a 20 anos para que cando remate o contrato o concello non se vexa con instalacións obsoletas.

En canto a estrutura de custes, da que falou o voceiro do BNG, e que se pediu no seu momento, debido a un cambio na lei agora xa non é necesaria e obrigatoria.

O voceiro do PP di que como non nos mostra ningún estudo realizado é moi difícil valorar todo o que aquí se está a dicir. De momento teríamos que pagar 13.000 euros mais do que estamos a pagar na actualidade e facernos cargo do material electrónico que quedaría fóra deste novo contrato .

Este contrato privaría ao concello de acceder a calquera tipo de xeneración propia de enerxía durante 20 anos.

Só coa colocación de placas solares nos edificios públicos do concello poderíamos ter un aforro dun 40 ou 60% e o mesmo pasa coa tecnoloxía led.

Os números falan por si sos, son 8.531.716,50 € e parécenos unha cantidade estratosférica e enriba a 20 anos.





O voceiro do BNG di que tamén nos chama a atención que sexa a empresa adxudicataria a que teña que facer un contrato cunha empresa externa para que lle faga o control e o seguimento cando o normal sería que fora a propia administración a que contratara a unha empresa externa independente para facer o seguimento.

Incido no mesmo, estamos diante dun contrato a 20 anos e si ben é certo que a prestación deste servizo xa ten un custe alto, é certo que se poden cambiar equipos e facer algún tipo de infraestrutura nova o que conlevaría un aforro enerxético pero en ningún caso se vai producir aforro económico para o concello dado que é a mesma contía para todos os anos e incluso é algo máis do que se vén pagando agora.

Dende o BNG pensamos que é fundamental buscar medidas de aforro enerxético para abaratar a factura eléctrica do concello pero que se pode facer mediante inversións propias, sendo nós donos das decisións que se tomen e das infraestruturas.

A Sra. Alcaldesa di que este gasto xa o temos e por un pouco máis do custe en relación co ano pasado, conseguiremos, a maiores, que se melloren as instalacións para unha mellor xestión dos recursos enerxéticos e menor consumo.

**Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do PP e abstención do BNG.**

| 11. Expediente 259/2024. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 1-2024 |                                                       |
|-------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|
| Favorable                                                               | Tipo de votación: Ordinaria                           |
|                                                                         | A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0 |

### << Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 1-2024

Consta nesta Alcaldía a existencia de facturas presentadas a través da plataforma de facturación electrónica FACE e no rexistro da sede electrónica por diversos acreedores municipais, que se relacionarán de seguido e que se atopan pendentes de pago:

| Rexistrado | Data factura | Concepto                                                                                                              | Terceiro                  | Partida orzamentaria | Importe  |
|------------|--------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|----------------------|----------|
| 2023-1224  | 29/12/2023   | Mantemento de fotocopadoras, decembro 2023                                                                            | SOLITIUM S.L.             | 920.20300            | 328,47   |
| 2023-1226  | 30/12/2023   | Inserción publicitaria na web <a href="http://www.terracha.com">www.terracha.com</a> . Durante o mes de decembro 2023 | PORTAS COMUNICACIÓN, S.L. | 338.22602            | 1.101,10 |
| 2023-1225  | 29/12/2023   | Servizo de transporte en vehículo taxi de 9 prazas para usuarios de centro de día.                                    | AUTOS LZOANO, S.L.        | 231.22300            | 308,00   |





|                  |                    |                                                                                  |                                        |                |                   |
|------------------|--------------------|----------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------|----------------|-------------------|
| 202<br>4-<br>30  | 31/0/<br>2023      | Servizo de custodia de cans<br>abonados. Mes de Agosto 2023                      | CANIS LUCUS, S.<br>L.U.                | 170.2279<br>9  | 2.2<br>14,<br>00  |
| 202<br>4-<br>46  | 30<br>/11/2<br>023 | Totras de maiz                                                                   | PANADERIA LA<br>ESQUINA SLU            | 920.2269<br>9  | 20,<br>93         |
| 202<br>4-<br>45  | 30<br>/09/2<br>023 | Bombones                                                                         | PANADERIA LA<br>ESQUINA SLU            | 920.2269<br>9  | 13,<br>75         |
| 202<br>4-<br>86  | 31<br>/10/2<br>023 | Submnistro de froita para o colexio de<br>Parga                                  | MARIA DEL<br>PILAR SANCHEZ<br>QUINTANA | 326.2210<br>5  | 329<br>,27        |
| 202<br>4-<br>88  | 30<br>/11/2<br>023 | Submnistro de froita para o colexio de<br>Parga                                  | MARIA DEL<br>PILAR SANCHEZ<br>QUINTANA | 326.2210<br>5  | 356<br>,60        |
| 202<br>4-<br>87  | 31<br>/10/2<br>023 | Submnistro de alimentación para o<br>Centro de Día                               | MARIA DEL<br>PILAR SANCHEZ<br>QUINTANA | 231.2210<br>5  | 438<br>,52        |
| 202<br>4-<br>221 | 15<br>/10/2<br>023 | Contra de debroce de vías e camiños.<br>Lote 1                                   | DIEGO GARCIA<br>BESTEIRO               | 136.2100<br>0  | 34.<br>859<br>,95 |
| 202<br>4-<br>222 | 15<br>/10/2<br>023 | Contra de debroce de vías e camiños.<br>Lote 2                                   | DIEGO GARCIA<br>BESTEIRO               | 136.2100<br>0  | 32.<br>986<br>,98 |
| 202<br>4-<br>76  | 11<br>/12/2<br>023 | Fabricación de barandilla                                                        | JORGE PEREIRA<br>ESPANTOSO             | 150.2100<br>0  | 1.7<br>30,<br>30  |
| 202<br>4-<br>235 | 20<br>/05/2<br>023 | Subministro de 110 bolsas DODO a un<br>color " ENAFAMEC-COCNELLO DE<br>GUITIRIZ" | EUROPRINT<br>METROPLO S..L.            | 326.2260<br>2  | 1.0<br>18,<br>22  |
| 202<br>4-<br>293 | 07<br>/03/2<br>024 | Suscripción a La Voz de Galicia do ano<br>2023                                   | LA VOZ DE<br>GALICIA S.A.              | 920.220.<br>01 | 275<br>,00        |

É vontade deste grupo de goberno de efectuar tódolos pagos pendentes aos acreedores municipais, e á vista das consecuencias negativas que poidan derivarse do incumprimento da normativa reguladora da morosidade nas administracións públicas, tanto para o Concello como especialmente para os provedores municipais.

Á vista dos seguintes antecedentes que obran no expediente:







1. Conformidade das facturas de referencia.

2. Documentación xustificativa por parte dos provedores no que se indica que as facturas por causas axenas a este Concello non foron presentadas ou rexistradas correctamente, non tendo esta Entidade constancia de ditas facturas.

Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica á atención das necesidades do exercicio corrente xa que se inclúe crédito adecuado e suficiente na modificación orzamentaria que se somete a aprobación do pleno, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na Base 23 das de execución do vixente orzamento municipal.

Considerando que é necesario aprobar os importes que se derivan das facturas, tendo en conta “principio de non enriquecemento inxusto” sentado pola xurisprudencia, no sentido de que se o gasto foi efectivamente/materialmente realizado, nas condicións pactadas, e en consecuencia é esixible, as empresas que realizan a prestación ou prestan o servizo deben ser resarcidas, pese a que quede acreditado no expediente a omisión de trámites esenciais no procedemento.

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE e coas abstencións do PP e BNG, adoptou o seguinte acordo

**Primeiro.-** O levantamento de reparo interposto pola Interventora Municipal ao expediente de recoñecemento extraxudicial 1-2024 no seu informe nº 2024-0014 de data 21/03/2024, en base ao informe de motivación discrepancia asinado pola alcaldesa con data 21/03/2024.

**Segundo.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial e por tanto as prestacións executadas, das facturas que se relacionan deseguido:

| Rexistrado | Data factura | Concepto                                                                                                              | Terceiro                  | Partida orzamentaria | Importe  |
|------------|--------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|----------------------|----------|
| 2023-1224  | 29/12/2023   | Mantemento de fotocopiadoras, decembro 2023                                                                           | SOLITIUM S.L.             | 920.20300            | 328,47   |
| 2023-1226  | 30/12/2023   | Inserción publicitaria na web <a href="http://www.terracha.com">www.terracha.com</a> . Durante o mes de decembro 2023 | PORTAS COMUNICACIÓN, S.L. | 338.22602            | 1.101,10 |
| 2023-1225  | 29/12/2023   | Servizo de transporte en vehículo taxi de 9 prazas para usuarios de centro de día.                                    | AUTOS LZOANO, S.L.        | 231.22300            | 308,00   |
| 2024-30    | 31/01/2023   | Servizo de custodia de cans abonados. Mes de Agosto 2023                                                              | CANIS LUCUS, S. L.U.      | 170.22799            | 2.214,00 |





|                  |                    |                                                                            |                                        |                |                   |
|------------------|--------------------|----------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------|----------------|-------------------|
| 202<br>4-<br>46  | 30<br>/11/2<br>023 | Totras de maiz                                                             | PANADERIA LA<br>ESQUINA SLU            | 920.2269       | 20,<br>93         |
| 202<br>4-<br>45  | 30<br>/09/2<br>023 | Bombones                                                                   | PANADERIA LA<br>ESQUINA SLU            | 920.2269       | 13,<br>75         |
| 202<br>4-<br>86  | 31<br>/10/2<br>023 | Submnistro de froita para o colexio de Parga                               | MARIA DEL<br>PILAR SANCHEZ<br>QUINTANA | 326.2210<br>5  | 329<br>,27        |
| 202<br>4-<br>88  | 30<br>/11/2<br>023 | Submnistro de froita para o colexio de Parga                               | MARIA DEL<br>PILAR SANCHEZ<br>QUINTANA | 326.2210<br>5  | 356<br>,60        |
| 202<br>4-<br>87  | 31<br>/10/2<br>023 | Submnistro de alimentación para o Centro de Día                            | MARIA DEL<br>PILAR SANCHEZ<br>QUINTANA | 231.2210<br>5  | 438<br>,52        |
| 202<br>4-<br>221 | 15<br>/10/2<br>023 | Contra de debroce de vías e camiños. Lote 1                                | DIEGO GARCIA<br>BESTEIRO               | 136.2100<br>0  | 34.<br>859<br>,95 |
| 202<br>4-<br>222 | 15<br>/10/2<br>023 | Contra de debroce de vías e camiños. Lote 2                                | DIEGO GARCIA<br>BESTEIRO               | 136.2100<br>0  | 32.<br>986<br>,98 |
| 202<br>4-<br>76  | 11<br>/12/2<br>023 | Fabricación de barandilla                                                  | JORGE PEREIRA<br>ESPANTOSO             | 150.2100<br>0  | 1.7<br>30,<br>30  |
| 202<br>4-<br>235 | 20<br>/05/2<br>023 | Subministro de 110 bolsas DODO a un color " ENAFAMEC-COCNELLO DE GUITIRIZ" | EUROPRINT<br>METROPLO S..L.            | 326.2260<br>2  | 1.0<br>18,<br>22  |
| 202<br>4-<br>293 | 07<br>/03/2<br>024 | Suscripción a La Voz de Galicia do ano 2023                                | LA VOZ DE<br>GALICIA S.A.              | 920.220.<br>01 | 275<br>,00        |

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de que se proceda á Ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

**Cuarto.-** Dar traslado do acordo ao Departamento de Intervención-Tesorería para o seu coñecemento e efectos oportunos\*\*.>>\*

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que abonda con ler o informe da interventora, nunha parte do mesmo sinala:

“ - Facturas de mantemento de mantemento de fotocopadora e servizo de transporte de vehículos para usuarios do centro de día, fabricación de barandilla. En todos os casos non





consta expediente de contratación pública dos servizos prestados, nos dos primeiros casos son servizos que se prestan de maneira reiterada, polo que debería ser obxecto de licitación pública por procedemento aberto xa que non cumpran os requisitos para ser considerados contratos menores.

- Factura de inserción publicitaria. A presente factura carece de toda tramitación en materia de contratación, non se procedeu a contratación dun contrato menor.

- Facturas de subministro de alimentación para diversas instalacións e colexios. Non consta expediente de tramitación de contratación dos diversos subministro aos que fan referencias as facturas polo que hai unha ausencia dos tramites esenciais en materia de contratación.

- Factura de subministro de bolsas ENAFAMEC. Non consta expediente de tramitación de contratación do subministro aos que fan referencia a factura polo que hai unha ausencia dos tramites esenciais en materia de contratación.

- Subscrición a La Voz de Galicia ano 2023<sup>\*\*</sup>.<sup>\*\*</sup> A presente factura foi presentada no ano 2023 e rexeitada pola intervención por non axustarse ao importe presentado no orzamento<sup>\*\*</sup>, <sup>\*\*</sup> a empresa non volveu a presentar a factura ata o ano 2024<sup>\*\*</sup>, <sup>\*\*</sup> pero referida a unha prestación do ano 2023, polo que se quebra o principio de anualidade orzamentaria e imputación dos gastos ao exercicio nos que se producen as prestacións. “

En definitiva incumpre todo, e a responsabilidade é súa e do seu equipo de goberno. Gasta máis do que esta orzamentado e despois tira do remanente. Non imos ser cómplices para o pagamento de todo isto de esta maneira, nós queremos que quen traballe cobre, pero tamén queremos que quen contrata e licita o faga conforme a lei.

A voceira do BNG di que entendemos que son facturas que se presentaron fóra de tempo pero que hai que pagar. Nada mais que engadir.

A Sra. Alcaldesa di que si eu licito o servizo de transporte en vehículo taxi de 9 prazas, o subministro de froita para o colexio de Parga ou o subministro de alimentación para o centro de día, probablemente non fora adxudicatario ningunha empresa deste concello.

O mantemento de fotocopiadoras é verdade que está sen contrato e esta pendente de licitación cun contrato maior.

Inserción publicitaria por algunha razón quedou sen contrato. As insercións publicitarias non se poden contratar cun contrato maior porque non tería sentido que o concello gastase cartos en periódicos de tirada nacional polo que contratamos con periódicos que se publican na nosa provincia.

Estas facturas teñen reparo, que eu asumo, pero o que intentamos é darlle o máximo beneficio posible aos negocios do noso concello.

As facturas da Voz de Galicia e servizo de custodia de cans presentáronas con erros e tiveron que ser rexeitadas e volvéronas presentar no 2024.





Todas estas facturas veñen a este pleno non porque non se seguiran os tramites oportunos senón porque foron presentadas fóra do ano en que se fixo o gasto.

O voceiro do PP di que nós o que pedimos é que cumpra a lei, non lle décimos que non contrate coa xente do concello. Vostede dixo varias veces no pleno que o equipo de goberno decide como e onde se gastan os cartos e a nós parécenos ben, pero agora tócalles a vostedes levantar os reparos porque nós non imos ser cómplices votando a favor deste recoñecemento extraxudicial de crédito.

A voceira do BNG di que tendo en conta que é un recoñecemento extraxudicial para pagar facturas, moitas delas presentadas fóra de prazo, a pesar de que algún procedemento é dubidoso, non imos poñer reparos.

A Sra. Alcaldesa di que para que quede claro, este recoñecemento tráese ao pleno porque son facturas do ano pasado que se presentaron fóra de prazo e así o obriga a lei, independentemente de que teñan ou non reparo.

**Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e abstencións do PP e BNG**

**12. Expediente 256/2024. Moción PSOE para que se restablezca o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Guitiriz**

**15. Expediente 340/2024 . Moción BNG para esixir a Xerencia do Sergas a inmediata reposición das prestacións do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Guitiriz.**

A alcaldesa pon de manifesto que como hai dúas mocións presentadas polo PSOE e BNG, sobre o mesmo asunto, o servizo de pediatría do centro de saúde de Guitiriz (puntos 12 e 15 da orde da convocatoria), acordaron na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno debater as dúas mocións nun único punto. Cada voceiro/a lerá a súa respectiva moción para logo abrirse unha quenda de debate e por ultimo unificar os distintos acordos.

- A Sra. Alcaldesa da lectura a moción do seguinte teor literal:

<< Dona Marisol Morandeira Morandeira, voceira do Grupo Municipal PSOE- PSdeG de Guitiriz, ao abeiro do establecido pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 97 do RD 2568/1986, de 29 de novembro, presento para o seu debate e aprobación do Pleno, a seguinte moción:

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Centro de Saúde de Guitiriz ata de agora contaba con un servizo de pediatría compartido con outros dous concellos. Este servizo atendía a un total de 762 nenos e nenas. A Guitiriz correspondíalle tres días a semana con un cupo de 468 crianzas.





Dende principios do mes de febreiro recortase o servizo e soamente se presta un día á semana, pero casualmente a explicación que se lles dá ós usuarios do servizo non é mesma dende o 18 de febreiro (ata ese momento a duración da ausencia non estaba cuantificada, pero dende esa data fálase dunha ausencia que se vai a prolongar durante un ano ou ano e medio).

A día de hoxe, solo temos atención pediátrica un día á semana. A causa de este drástico recorte é que non se substitúe á persoa titular da praza. Un novo castigo ó sistema sanitario do noso país, pero tamén un novo castigo á poboación do rural galego, pola implicación que supón para as familias do Concello ter que desprazarse para acudir á consulta coas súas crianzas.

Estes días de atención non son suficientes xa que solo serven para realizar as revisións programadas de idade, para o resto de enfermidades a alternativa é o médico de familia dos proxenitores. O único que se consegue é saturar a atención de este servizo aumentándolle o número de paciente a atender e por outra banda as urxencias, opción pola que optan moitos proxenitores. A preocupación das familias é lóxica e normal.

A Xunta de Galicia sempre pon como xustificación para non substituír o persoal a falta de persoas nas súas listas de contratación, igual debería comezar a poñer solucións para que o persoal sanitario non decida marchar pola inestabilidade laboral que o SERGAS ten neste momento, un alto número de persoal temporal, numerosos contratos por días...

Por todo isto, o Grupo Socialista do Concello de Guitiriz presenta ó Pleno esta moción para:

-Instar ó SERGAS a que restableza o servizo de pediatría de xeito inmediato para dar a atención que necesitan os nenos e nenas do noso concello. >>

- A voceira do BNG da lectura a moción do seguinte teor literal:

<< Mónica Roca Ares e Alfonso Losada Rodríguez concelleiros do BNG na Corporación Municipal de Guitiriz, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presentan a seguinte moción, para o seu debate en Pleno.

## **MOCIÓN PARA ESIXIR Á XERENCIA DO SERGAS A INMEDIATA REPOSICIÓN DAS PRESTACIÓNS DO SERVIZO DE PEDIATRÍA NO CENTRO DE SAÚDE DE GUITIRIZ**

### **Exposición de motivos :**

O Sergas vén de comunicar recentemente que vai deixar de prestar o servizo de Pediatría nos Concellos de Guitiriz, Begonte e Rábade, que se viña prestando de xeito conxunto, sen que haxa unha data probable de reposición do mesmo.

A perda deste servizo supón un novo recorte nas prestacións sanitarias no noso Concello que rexeitamos contundentemente dende o BNG.





Unha perda de servizos que se une á recente falta de reposición de médicos e que supuxo a perda de dous facultativos en Guitiriz e a perda de máis da metade do servizo sanitario no consultorio de Parga.

As familias de Parga, Guitiriz, Rábade e Begonte, afectadas pola perda do servizo de pediatría, anunciada polo Sergas; nos ambulatorios de Guitiriz, Rábade e Begonte, reclaman a recuperación completa de dito servizo; xa que son moitos os nenos afectados e tendo en conta os inconvintes de ter que desprazarse cos nenos a Lugo ou Vilalba, ou mesmamente derivalos a un médico de familia que non está especializado nas doenzas dos máis pequenos.

Dende o BNG unímonos a esta demanda que facemos nosa e que traemos a este Pleno para amosar un posicionamento claro de defensa dos nosos servizos sanitarios que, pouco a pouco están a ser eliminados polo goberno da Xunta do PP, condenando aos nosos veciños e veciñas a unha atención de segunda, deficitaria e discriminatoria con respecto a outros territorios.

É por isto que instamos ao Pleno a alcanzar os seguintes acordos:

1º -O Pleno do Concello de Guitiriz amosa o seu apoio total as reivindicacións dos pais e nais do noso concello para a recuperación inmediata das prestacións do servizo de Pediatría.

2º -O Concello de Guitiriz esixirá a Xerencia do Sergas a inmediata reposición do servizo nas condicións nas que se viña prestando de xeito inmediato.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que cando se fala de sanidade pediríalles que falasen con algo de rigor, posto que aquí non se trata de ningún recorte senon dunha baixa medica, polo que non se pode falar de restablecer un servizo que nunca estivo interrompido, nin de recuperar unhas prestacións que nin se perderon nin se perderán.

Por parte da Consellaría de Sanidade estase a traballar para dar unha atención sanitaria de calidade cos recursos dispoñibles e sempre garantindo o mellor para os doentes e profesionais. As prazas cóbrense sempre que é posible, pero a situación de déficit de persoal médico especialista en pediatría non é un problema particular en Galicia senón un problema endémico en toda España.

Somos conscientes que a escaseza de pediatras provoca que a cobertura de determinadas prazas sexa unha tarefa complexa o que fai que o SERGAS este na procura de profesionais para substitucións pero non hai pediatras na listas de contratación.

Esta claro que hai unha raíz común a este problema de déficit de pediatras que sofre toda España, por iso tamén hai unha proposta común de varios gobernos de distintas Comunidades Autónomas para que se adopten solucións a nivel estatal.







O que o Goberno está a pedir é que o Goberno Central tome as medidas que se necesitan para seguir exercendo as nosas competencias, para ter capacidade para formar e contratar a mais profesionais, a realidade é que a día de hoxe a Xunta de Galicia non ten mais marxe de actuación nese eido. Cubriu o 100 % das prazas formativas en medicina de familia e pediatría que se lle acreditan, duplicándoas nos últimos anos, contratou ao 100% dos profesionais dispoñibles estando as listas de contratación a cero.

O propio informe oferta a necesidade de especialistas médicos 2021-2035 que presentou o Ministerio incide nos problemas xa detectados cando o Goberno de Rajoy creou un grupo de traballo para estudar o déficit de profesionais, que levou a uns acordos que se adoptaron por unanimidade o 24 de abril en 2018 no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Votaron a favor todos os gobernos autonómicos, socialistas e nacionalistas, pero cando meses despois unha moción de censura, apoiada polos nacionalistas, levou ao partido socialista ao poder, estes acordos metéronse nun caixón.

O mais importante era o de revisar os requisitos de acreditación de centros e unidades docentes para a formación sanitaria especializada nas especialidades declaradas maioritariamente deficitarias citando especialmente, medicina de familia e pediatría. Dende entón pasaron cinco anos e seis ministros de sanidade socialistas e nada se fixo por resolver o problema que o PP acordara solucionar.

Galicia é unha das poucas comunidades onde a atención pediátrica nos centros de saúde é realizada case no 90% dos casos por especialistas en pediatría e no 10% restante realizada por médicos especialistas, en medicina familiar e comunitaria, cunha formación sólida no campo da pediatría, porque senón existe dispoñibilidade de pediatras procedese a substituír as ausencia con médicos de familia, uns profesionais que están máis que cualificados para atender a poboación de idade pediátrica.

O número de pediatras en Galicia mantense a pesar do descenso da natalidade, aínda así sinalar unha vez mais que o Servizo Galego de Saúde está na continua procura tanto para substituír aos profesionais de baixa como para cubrir as vacantes que quedan libres.

Neste momento o servizo en Guitiriz prestase nas mellores opcións da que dispón o Sergas para seguilo mantendo.

A Sra. Alcadesa di que si unha persoa esta de baixa e non se cubre o seu posto de traballo o servizo esta recortado, pero é mais, nin se cubre cun profesional da mesma especialidade nin de ningunha outra especialidade.

Non é verdade que se cubran todas as prazas de medicina de familia e pediatría.

Non se pode defender o indefendible, aquí dende o mes de febreiro non temos servizo de pediatría por culpa da xerencia do SERGAS e por culpa de quen esta ao fronte desa xerencia que é o PP.

A voceira do BNG di que, paréceme triste que se cheguen a facer estas declaracións públicas que acaba de facer o voceiro do PP, como dicir que no hai que restablecer o





servizo. Actualmente en Guitiriz vén un pediatra un día a semana cando el queira, porque traballa a tempo completo en Lugo, e acordará co SERGAS vir aquí o pola mañá ou pola tarde. Entón dicir que o servizo esta cuberto da mellor forma posible para o SERGAS non é verdade, porque a falta de pediatras esta denunciado polas asociacións de pediatrías fai anos, pola idade de xubilación a vinte anos vista e por como se estaban dando as condicións laborais, un pediatra agora mesmo ten que ir a semana como mínima a tres concellos e iso non son boas condicións laborais.

Vostede di que as listas están a cero, sabe a onde van os pediatras?, ou van a privada ou as Comunidades Autónomas da contorna porque teñen mellores condicións laborais.

A ultima ocorrencia do goberno do PP foi negociar, sen pasar pola mesa sectorial, cos lobbys médicos, unha suba salarial para aqueles que traballen na pública e na privada. Ata agora os médicos que traballaban na pública e na privada deixaban de cobrar un complemento porque o SERGAS estimulaba que só se traballara na publica para así ter mais tempo para que se formaran en condicións. Ese complemento que lle supón ao SERGAS 1.000.000 de euros ao mes cóbrano só os médicos, e ningún outro persoal do SERGAS por traballar na publica e na privada, cartos de todos os galegos/as que terían que estar investíndose na sanidade pública.

En canto a que se mantén o numero de pediatras, dicirlle que o Instituto Galego de Estatística publicou o mes pasado, como estaba a situación de pediatras en Galicia, dende 2004 a 2023 perdéronse oitenta profesionais de pediatría a nivel de Galicia. Na provincia de Lugo, no 2004 había 32 pediatras, no 2023 catorce. A todo isto hai que engadirle que moitas das vacantes que están cubertas non todos son pediatras, moitos son médicos de familia cun curso de puericultura, en concreto 42 prazas en toda Galicia.

As peores cifras de asistencia sanitaria pediátrica en toda Galicia son para Lugo e Ourense, en Lugo só temos 14 concellos con pediatra e 53 municipios non teñen pediatra no seu concello polo que teñen que desprazarse.

O voceiro do PP di que o 90% dos residentes en medicina de familia que remataron a súa formación en Galicia nos últimos dez anos están traballando para o SERGAS e máis dun 60% coa praza fixa.

Segundo publican os sindicatos médicos Galicia está entre as Comunidades Autónomas que mellor paga aos profesionais de medicina de familia. O sindicato médico andaluz realiza anualmente un estudo comparativo das retribucións dos facultativos residentes en España e mostra que a Comunidade Autónoma Galega está na media española para tódolos anos de residencia, curiosamente as menores retribucións para os residentes atópanse en comunidades históricas do PSOE, como é Asturias e Extremadura. O informe di, que no quinto ano un residente cobra unhas retribucións brutas inferiores entre 3.000 e 1.600 euros menos nesas comunidades que en Galicia.

Estamos a falar dunha baixa médica e unha baixa médica non é un recorte.





A Sra. Alcaldesa di que pode dicir o que queira pero dende principios de febreiro o servizo de pediatría neste concello esta recortado. O servizo médico deste concello recortouse en maio de 2020 cunha escusa e non se volveu a repoñer nos termos que se estaba a prestar antes diso e agora engádese un novo recorte no servizo de pediatría e non recoñécello é un erro moi grave.

A voceira do BNG di que pediatra que temos agora mesmo vén un día a semana voluntariamente a maiores da súa xornada laboral, cando el non queira vir non teremos pediatra en Guitiriz, e dicir o servizo salvase pola vontade dun traballador e así é como se salva a sanidade pública que temos agora mesmo neste país, pola vontade dos traballadores, porque contrarrestamos as deficiencias que xorden cada día.

A negociación que levaron a cabo o ano pasado foi para favorecer a sanidade privada, non é para evitar que os médicos deixen a pública e se queden só coa privada, queren a pública pero complementala coa privada, e agora máis, pero iso si, so os médicos/as, ao resto dos traballadores da sanidade pública sácanlle ese complemento de exclusividade si fai unhas horas na privada e falamos dun millón de euros ao mes que servirían para reforzar cadros de persoal.

Fala de que a pediatra esta de baixa e iso non é un recorte, pero o que pasa é que o servizo está mais que recortado pero tamén pode ser que este recortada a praza. Temos dúas prazas menos de médicos no centro de saúde de Guitiriz, xubilacións que non se cobren. E que é o que di o SERGAS? que as prazas existen, e así é, non están amortizadas pero non están ocupadas por ningún profesional.

Aínda que unha baixa non ten porque supoñer un recorte dun servizo sabemos que o SERGAS aproveita cada oportunidade para minorar cada vez máis os cadros de persoal e vista a evolución dos datos que mencione antes dende 2004 ata 2023 esta claro que a intención do Sergas non é ter cada vez mellor cuberto o servizo de pediatría.

Ten unha intención clarísima e demostrada de favorecer a sanidade privada, ten na súa folla de rota unha demolición programada da sanidade publica, demoléndoa pouco a pouco para cando desapareza de todo nin a botemos de menos.

E moi triste e lamentable que nos sexamos capaces de valorar como se merece a sanidade publica e que non a defendamos. Repito que moitos dos recortes están compensados pola labor dos profesionais sanitarios

**O grupo do PSOE fai súa a moción presentada polo BNG polo que se procede a votación da unificación das dúas mocións e posterior votación da mesma quedando aprobada cos votos a favor do do PSOE e BNG e abstención do PP co seguinte teor literal:**

**<< MOCIÓN PARA ESIXIR Á XERENCIA DO SERGAS A INMEDIATA REPOSICIÓN DAS PRESTACIÓNS DO SERVIZO DE PEDIATRÍA NO CENTRO DE SAÚDE DE GUITIRIZ**

**Exposición de motivos :**





O Sergas vén de comunicar recentemente que vai deixar de prestar o servizo de Pediatría nos Concellos de Guitiriz, Begonte e Rábade, que se viña prestando de xeito conxunto, sen que haxa unha data probable de reposición do mesmo.

A perda deste servizo supón un novo recorte nas prestacións sanitarias no noso Concello que rexeitamos contundentemente dende o BNG.

Unha perda de servizos que se une á recente falta de reposición de médicos e que supuxo a perda de dous facultativos en Guitiriz e a perda de máis da metade do servizo sanitario no consultorio de Parga.

As familias de Parga, Guitiriz, Rábade e Begonte, afectadas pola perda do servizo de pediatría, anunciada polo Sergas; nos ambulatorios de Guitiriz, Rábade e Begonte, reclaman a recuperación completa de dito servizo; xa que son moitos os nenos afectados e tendo en conta os inconvintes de ter que desprazarse cos nenos a Lugo ou Vilalba, ou mesmamente derivalos a un médico de familia que non está especializado nas doenzas dos máis pequenos.

Dende o BNG unímonos a esta demanda que facemos nosa e que traemos a este Pleno para amosar un posicionamento claro de defensa dos nosos servizos sanitarios que, pouco a pouco están a ser eliminados polo goberno da Xunta do PP, condenando aos nosos veciños e veciñas a unha atención de segunda, deficitaria e discriminatoria con respecto a outros territorios.

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE e BNG e abstención do PP, adoptou o seguinte acordo:

1º -O Pleno do Concello de Guitiriz amosa o seu apoio total as reivindicacións dos pais e nais do noso concello para a recuperación inmediata das prestacións do servizo de Pediatría.

2º -O Concello de Guitiriz esixirá a Xerencia do Sergas a inmediata reposición do servizo nas condicións nas que se viña prestando de xeito inmediato.>>

### **13. Expediente 334/2024. Moción PP relativa á normativa respecto dos Galiñeiros de Autocunsumo**

|                     |                                                       |
|---------------------|-------------------------------------------------------|
| <b>Desfavorable</b> | <b>Tipo de votación:</b> Ordinaria                    |
|                     | A favor: 4, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0 |

O voceiro do PP da lectura a moción co seguinte teor literal:

**<< Moción PP relativa á normativa respecto dos Galiñeiros de Autoconsumo**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**





En xullo do 2021 o Goberno central publicaba o Real Decreto 637/2021, polo que se regulan as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, incluíndo no seu ámbito de aplicación as explotacións de autoconsumo. Isto implica que estas explotacións-currais familiares que crían aves para consumo familiar e que non comercializan nin aves nin os seus produtos (ovos ou carne) deben estar rexistradas no rexistro xeral de explotacións gandeiras.

O artigo 16.5 determina o seguinte: *“Los titulares de las explotaciones de autoconsumo, tal y como se definen en el artículo 2.h), estarán obligadas a efectuar una comunicación previa para que se incluyan en el Registro general de explotaciones ganaderas.”*

Dende o Partido Popular compartimos o malestar da poboación galega fronte a estes requisitos impostos polo Goberno central ao supoñer máis carga burocrática e trabas para aqueles propietarios que non sacan ningún beneficio económico destas explotacións ao non poder comercializar.

Temos constancia que dende a Xunta de Galicia se presentaron alegacións en cada un dos trámites de desenvolvemento normativo seguido polo Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, e que estas non foron atendidas. Unha vez máis o Goberno central impuxo á sociedade unha normativa que non atende ás especificidades do noso territorio. Concretamente unha das peticións do goberno galego era que as explotacións de autoconsumo deberían quedar fóra do ámbito de aplicación deste Real Decreto, coa cal estamos en total consonancia.

As oficinas rurais, que é o organismo encargado de atender este tipo de consultas e rexistrar as explotacións de xeito gratuito, están tendo unha maior carga de traballo xa que atendendo á normativa vixente son as responsables de asesorar e rexistrar estas explotacións.

Non obstante, a pesares de que os cidadáns teñen a posibilidade de rexistrarse e recibir o código REGA de maneira online, en moitas ocasións, dita poboación non ten os coñecementos e accesos suficientes para facelo, o cal supón unha complicación máis.

Lamentamos que o Goberno central non teña en conta ás comunidades autónomas e continúe no seu empeño de legislar de costas ao territorio, sen atender ás peculiaridades de cada zona.

En Galicia, dada a particular estrutura de poboación existente no territorio, poderíase estimar unha cifra de máis de 50.000 explotacións coa súa correspondente actividade, que supón unha carga de traballo inxente e pouco eficaz.

Insistimos que o sector primario soporta unha carga burocrática excesiva, tanto profesional como para aquelas de autoconsumo, que implica un abandono tanto das explotacións e desaparición das mesmas como tamén fomentase o abandono do rural.

O pleno da Corporación Municipal de Guitiriz cos votos favorables do PP e cos votos en contra do PSOE e do BNG, non aproba o seguinte acordo:





## ACORDO:

*“Instar ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma.”>>*

Aberto o debate pola Sra. Presidenta a voceira do BNG di que para quen non o saiba, o PP esta presentado en moitos concellos esta mesma moción para “instar ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021....”

Pois ben, este Real Decreto , que esta vixente dende 29 de xullo de 2021 establece no seu artigo 16.5 a obrigatoriedade de que os galiñeiros familiares destinados a autoconsumo se inscriban no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, para iso obriga as persoas propietarias das aves a facer unha comunicación a autoridade competente. Se algunha xustificación ten impoñer este rexistro é asegurar a trazabilidade e localización das aves e así poder facilitar a actuación dos servizos veterinarios ante a aparición dun virus de importancia, como pode ser a gripe aviar.

Aínda así, os servizos sanitarios oficiais de gandería de Galicia xa tiñan dende inicios do 2000 establecido un sistema valido para este tipo de continxencia, o chamado libro de rexistro de venda das tendas agrarias, neles os comerciantes tiñan a obriga de consignar os datos da clientela que merca as aves, quizás por todo iso, aínda que a vixencia da obriga é do ano 2021 a súa implantación efectiva en Galicia non se produciu ata 2023, acelerándose sobre todo despois de que as tendas agrarias foran informadas de que en cumprimento do devandito RD, só poderían vender aves a galiñeiros de autoconsumo rexistrados.

Nesta altura, abril de 2024, logo case de tres meses de avalancha de solicitantes colapsando as oficinas comarcais da Consellaría de Medio Rural, a gran parte dos galiñeiros de autoconsumo pode ser que xa estean rexistrados, e isto será grazas ao esforzo do persoal que traballa nesas oficinas posto que a Consellaría novamente fixo gala da improvisación e non reforzou ao persoal encargado desta tarefa.

Esta moción semella que queren lavarlle a cara a nefasta xestión da Consellaría de Medio Rural e ao Goberno da Xunta no proceso de elaboración deste RD.

Nesta moción faise referencia a que a Xunta alegou no proceso de elaboración, sen éxito, pero seria interesante coñecer o contido desas supostas alegacións porque pode ser que deixaran a responsabilidade do persoal técnico que habitualmente asiste as reunións, previa elaboración do RD, ou si estas foron realizadas a nivel da Dirección Xeral de Gandería ou da Consellaría de Medio Rural como requiriría este caso.

Non sei si o grupo municipal pode darnos algunha proba desas alegacións que se presentaron.







Entendemos que si os responsables da Consellaría defenderan a validez do sistema xa instaurado en Galicia terían argumento dabondo para evitar a obriga deste novo rexistro, ademais dende o grupo do BNG temos a seguridade de que en Galicia debida a enorme extensión de cría de aves para autoconsumo vaise converter nunha ferramenta inútil para o obxectivo que ten marcado, e cada vez máis segundo vaian pasando os anos, posto que se incrementaran o rexistros de galiñeiros pero posiblemente aqueles que deixen de funcionar non se vaian dar de baixa.

Por todo elo semella pouco verosímil que nun asunto de tanta transcendencia e de alto impacto en Galicia o Ministerio non aceptase que cada Comunidade Autónoma desenvolvese a súa norma atendendo as súas peculiaridades como ten acontecido con outras actividades como por exemplo a apicultura.

Lembrar finalmente que o RD ditase ao abeiro do artigo 149.1.13 da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, suposto que difícil pode xustificar legislar sobre os galiñeiros de autoconsumo.

Ademais, a Comunidade Autónoma de Galicia, ten segundo o artigo 30.1 do Estatuto de Autonomía a competencia exclusiva en materia de gandería, o que habilitaría a Xunta para que, unha vez fracasadas as supostas alegacións, puidera presentar no seu momento outro tipo de recursos contra a aprobación dunha norma que invade claramente as competencias galegas. Non sei si sabe si se presentou algún recurso?

A Sra. Alcaldesa di que falamos dun RD do 2021 e estamos no 2024, pasaron tres anos, tempo suficiente para presentar recursos sobre invasión de competencias ou para plantexar outro tipo de solucións que se adaptaran mais a realidade galega.

Tamén me sorprende un pouco que na exposición de motivos se denoste o de rexistrarse no REGA de forma on line, cando dende a Xunta cada vez máis procedementos hai que tramitalos on-line.

Esta moción é simplemente para curarse en saúde pola mala xestión da Xunta e non porque realmente estean convencidos de que este RD este mal.

O voceiro do PP di que, temos aquí as alegacións que presentou a Xunta, das cales entrégolles unha copia.

A Xunta de Galicia propoñía que para o rexistro das explotacións de autoconsumo cando así o determinara a autoridade competente fose suficiente coa presentación dunha declaración responsable do titular das mesmas e non ter que rexistra as galiña co cal habería o control sanitario que se pretende ter. Pero si esto fose pouco teñen que nomear un veterinario de referencia que nalgunhas zonas do rural, onde queda o veterinario de referencia?.





Reiteramos a nosa petición de cordura e sentido comun para tomar este acordo e o PP esta coa xente do noso rural de Galicia que son os mais afectados por devandito Real Decreto, e tamén apoiamos a xente do rural doutras comunidades.

Pedimoslle que voten a favor do acordo, non é un voto para o PP é un voto para todos os galegos/as que queren que os seus representantes políticos os defendan nos temas que lles afectan.

A voceira do BNG di que, miraremos as alegacións con detenimento.

Estamos en contra porque entendemos que este rexistro non vai ser efectivo polos motivos expostos anteriormente pero parécenos que esta moción é pura demogoxia porque Galicia ten a competencia exclusiva en ganderia polo que deberían exercer a súa competencia e non deixarse invadir polo Goberno de España e defender aos galegos e galegas.

Outras comunidades autonomas do PP non están aplicando esta norma.

A Sra. Alcaldesa remítese ao dito anteriormente polo que imos votar en contra.

O voceiro do PP di que, reiteramos que todo o que van ter que facer os nosos maiores para ter catro galiñas segundo o establecido no Real Decreto non o vemos normal.

**Sometido o asunto a votación é rexeitado cos votos en contra do PSOE e BNG e a favor do PP.**

#### **14. Expediente 341/2024. Moción BNG para amosar o rexeitamento ao proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa de Altri en Palas de Rei**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O voceiro do BNG da lectura a Moción do seguinte teor literal:

**<< Moción BNG para amosar o rexeitamento ao proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa de Altri en Palas de Rei.**

#### **Exposición de motivos:**

1. A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganar, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.





2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá un fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:

-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas

-Terá un impacto ambiental crítico nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

-Terá un impacto fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna.

-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.





4. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de Guitiriz presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopcións dos seguintes ACORDOS:

1. Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucalitizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.

2. Dirixirse á Xunta de Galiza para que informe negativamente o proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico as seguintes iniciativas:

a) Aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación.

b) Desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.

c) O impulso da multifuncionalidade do monte, do desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

3. Instar ao goberno municipal a elaborar e presentar alegacións en tempo e forma contra o proxecto de Altri en Palas de Rei, polas afeccións que este causaría ao río Ulla e ao noso concello.

4. Instar ao goberno municipal a promover alegacións veciñais e pór a disposición da do conxunto da veciñanza modelos de alegación contra este proxecto.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que, o primeiro que teñen que explicar vostedes a todos os galegos/as é porque fai dous anos apoiaron no Parlamento de Galicia a iniciativa da instalación de Altri na provincia de Lugo e agora a rexeitan, foi aprobada por unanimidade polos grupos con representación na Cámara, PP, PSOE e BNG.

O voceiro do PP fai lectura do publicado por Comisiones Obreras o día vinte e seis onde manifestan que apoian a fábrica de Altri de Palas de Rei e reclaman cordura e diálogo.

A Sra. Alcaldesa di que de entrada xórdeme unha serie de dúbidas a cerca deste proxecto, si este é tan marabilloso como din, non entendo como o Goberno Portugues non favorece a





súa implantación en Portugal. Sorprendeme tamén que a empresa que tanto aboga pola transparencia suspenda as reunións en concellos donde nin tan siquiera intentou reunirse con veciños/as nin deu explicacións.

Sorprendeme tamén, en canto aos postos de traballo que a empresa e a Xunta dín que van crear, falase de 3.000 postos de traballo mestras se esta construíndo e dado que moitos destes postos teñen unhas especificacións técnicas moi concretas non vai haber nesa zona persoal para cubrir esos postos e cando a empresa este funcionando serán sobre 400 postos que volven a ter as mesmas peculiaridades técnicas polo que probablemente non sexa xente da zona que ocupe eses postos.

Outra cuestión é o da auga que din que a van utilizar pero que logo a devolven ao río en condicións similares ou mellores, o cal me dá que pensar.

Esto non é unha fábrica de fibras téxtiles porque si fora así ningún estaría en contra da súa implantación pero isto é claramente unha celulosa encuberta.

O voceiro do BNG di que respecto a pregunta do voceiro do PP, porqué o BNG votou a favor no Parlamento Galego esa iniciativa, dicirle que nesa moción en ningún caso se falaba de planta de celulosa, falábase de planta de fibras téxtiles e non había proxecto enriba da mesa, foi cando o vimos cando descubrimos o engano da empresa e da Xunta pretendendo instalar no corazón de Galicia unha planta de macrocelulosa que é tres veces mais grande que a de Ence en Pontevedra. É neste momento cando nos posicionamos totalmente en contra como gran parte da poboación civil, sindicatos, partidos políticos, asociacións, grupos ecoloxistas e por suposto a veciñanza, en particular a da comarca da Ulloa porque entendemos todos/as que un proxecto destas características é moi dañino tanto para a propia comarca como para unha parte moi importante do noso país.

Por dar algún dato, esta planta vai producir 400.000 toneladas ao ano de celulosa, 200.000 toneladas ao ano de lyocell nunha superficie de 365 hectáreas, ten unha chimenea de 75 metros e esta situada a dous kilometros do Camiño de Santiago, consume corenta e seis millóns de litros de auga ao día equivalente ao consumo de auga de toda a provincia de Lugo, deses corenta e seis millóns vai devolver trinta millóns e a van devolver cunha temperatura que pode ser incluso de ata tres grados superior con todo o impacto que iso vai ter na flora e fauna do río, as emisións a atmosfera dos restos da celulosa, dióxido de xofre, problemas respiratorios en persoas alérxicas e afección na flora e na fauna, etc.

O voceiro do PP di que, tal como acontece con todos os proxectos de Altri, é sometido a unha tramitación ambiental absolutamente garantista tendo que cumprir todos os preceptos medio ambientais e ademais esta suxeito a información pública, durante o cal se poden presentar alegacións.

A planta ten todas as garantías que ten que ter e esta controlada medio ambientalmente pola Xunta de Galicia, o Goberno Central e o Goberno de Europa.

Ademais vai apoiar os proxectos sociais, deportivos, educativos e medio ambientais da zona, colaborara con centros formativos, facilitará a incorporación da mocidade na





realización de prácticas profesionais e curriculares e incentivará as prácticas estivais dos fillos/as do persoal traballador e de estudantes dos centros formativos da contorna.

A Sra. Alcaldesa di que, Altri ten unha empresa que afecta ao Zona Transfronteriza Tajo-Tejo Internacional e os habitantes da zona levan dende fai moito tempo esixindo as autoridades que tomen medidas para reducir a contaminación e controlar os verquidos que realizan e nalgúns casos superan os permitidos legalmente. E dicir, isto non é algo novo e por algún motivo Altri non se vai instalar en Portugal e vén para Galica, si fora todo tan marabilloso como nos din estou segura que esta empresa se implantaría en Portugal.

Nós apoiamos unha fábrica de fibras téxtiles que foi o que nos dixeron que se ia implantar que ao final resultou ser unha celulosa e isto é o que non podemos consentir.

O voceiro do BNG di que, cando o voceiro do PP di que o proxecto esta controlado polas administracións dándolle así un visto de legalidade, non é moi acertado, so hai que ver o que está pasando cos parques eólicos que o Tribunal Superior de Xustiza está a tumbalos debido a deficiente supervisión da Consellería de Industria e de Medio Ambiente. Dicir que isto é un aval para que esta empresa cumpra todos os estándares de calidade medio ambiental soa cando menos regular.

Tamén se dixo que esta fábrica pechaba a cadea de valor, e isto non é certo, a pasta de lyocell en ningún caso pecha o proceso, despois hai que convertela en fio e logo en tecido e por ultimo elaborar as prendas téxtiles, e este proceso Altri faíno en India e China.

Dicir que non vai facer falta máis plantacións de eucalipto é totalmente falso.

Dicir que unha chimenea cunhas emisións de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno non vai ter afectación ningunha na zona.

En canto aos postos de traballo que vai crear so hai que ver o baile de cifras que deron, en principio ían ser 5.000 persoas, logo 2.500 e agora parece que son 500. Cantos traballadores/as realmente vai haber aí?

Altri ve como imprescindible para poder instalarse aí que se lle subvencione cando menos con 200-250 millóns de euros, que sería o 20% da inversión total e eles din que so van asumir un 50%, co cal faltaría un 30%. Ese 30% tería que ser de inversores externos e a día de hoxe o único inversor exterior que lle deu o seu apoio é Greenalia.

**Procédese votación da emenda e da moción quedando aprobada cos votos a favor do PSOE e BNG e en contra do PP, quedando como segue:**

**<< Moción BNG para amosar o rexeitamento ao proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa de Altri en Palas de Rei.**

**Exposición de motivos:**

1. A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este







proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganoso, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá un fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:

- Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas

- Terá un impacto ambiental crítico nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

- Terá un impacto fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna.

- Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

- Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

- Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.





En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.

4. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Entre os grupos do PSOE e BNG acórdase enmendar o asunto como consecuencia dos cambios proposto polo PSOE, que son aceptados polo BNG, polo que se procede a votar o asunto enmendado coa súa redacción final.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP adoptou o seguinte acordo:

1. Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.

2. Dirixirse á Xunta de Galiza para que informe negativamente o proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico as seguintes iniciativas:

a) Aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación.

b) Desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.

c) O impulso da multifuncionalidade do monte, do desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

3. Instar ao goberno municipal a comprometerse a estudar as alegacións facilitadas, estudando a posibilidade de presentalas en nome do concello.

4. Instar ao goberno municipal a facilitar a presentación de alegacións veciñais e pór a disposición da do conxunto da veciñanza modelos de alegación contra este proxecto.>>

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**





Non hai asuntos

## C) ROGOS E PREGUNTAS

### ROGOS PP

- Arranxe os dous pivotes da Praza do Ecce Homo que están no chan.
- Arranxe a pista en dirección a Bandoncel-Toar en Sambreixo, hai que desatascar a taxea porque a auga cruza a estrada e faina impracticable.
- En Sambreixo que se lle de saída a auga das cunetas que pasa por enriba da estrada no cruce do campo da festa.
- Arranxe unha fochanca perigosa que hai xunto ao colexio de Parga.
- Na parroquia do Vilar, arranxe o camiño que vai dende a igrexa do Vilar ata o Cando en Mariz posto que esta totalmente intransitable. Tamén no Vilar na ponte Porto Prado foise o asfalto polos dous lados da ponte.
- Arranxe o buraco que hai no cruce coa rúa Nova na N-VI.

### ROGOS BNG

- Que se arranxen as fontes de beber de auga da Praza do Curro Vello e do Campo da Feira.
- Que se arranxen as fochancas dos aparcadoiros de Boa Veciña e o que esta enfronte da Casa Habanera.
- Se busque solución as inundacións da rúa da Cruz.
- Que o concello inste a Fomento para que se arranxen as fochancas da N-VI.
- Que se faga algún amaño na Escola da Ventisca.
- Na pista da Pontella en Santa Cruz que se arranxe un anaco moi perigoso que quedou sen amañar.
- Que se arranxe o acceso aos vestiarios do campo de fútbol de Parga.

### PREGUNTAS

### PREGUNTAS DESTE PLENO

### PREGUNTAS PP





-Que iniciativas se están a tomar por parte do concello para incentivar a natalidade?

Resposta: Contesto no seguinte pleno

-Temos noticias de que segue a chover no pavillón municipal na zona que se reparou. En que situación esta a obra?

Resposta: Nin esta recepcionada nin pagada.

-Canto tempo hai que non se fan obradoiros de emprego no concello?

Resposta: Con este equipo de goberno non se fixo ningún.

-No mes pasado suspendeuse un partido de nenos no campo municipal polo mal estado do terreo de xogo, esta habendo algún tipo de problema co campo para que non se poda adestrar nel ou non se poda celebrar os partidos?

Resposta: O problema é que choveu moito e hai catro equipos xogando.

-Na campaña electoral das eleccións autonómicas o candidato do seu partido saíu xunto con vostede na prensa dicindo que si gañaba dotaría de máis fondos ao SAF, a Xunta ten concedida a este concello mais de 500 horas subvencionadas coa contía correspondente, vai facer uso delas ou imos seguir sin elas?

Resposta: Cando teña máis traballadoras poderei dar mais horas para o SAF.

-Na parroquia de Santa Cruz, na estrada que vai cara o campamento, estiveron sen alumeado publico do 9 ao 12 de febreiro, no seguinte fin de semana tivérono, pero do 23 a 26 volveron a estar sen el, no mes de marzo do 8 ao 11 tampouco tiveron. Hai algún problema detectado?

Resposta: Contéstolle no seguinte pleno.

## **PREGUNTAS BNG**

-Porque non se arranxan as eivas da Ruta da Auga: pontes, varandas...?

Resposta: Agora co bo tempo esperamos solucionarlas todas.

-Nalgún pleno anterior dixo que ía cambiar os taboleiros de anuncios que ten o concello polas distintas parroquias, por poñer un exemplo o de Mariz é un dos peores.

-No decreto con número de índice 158, expediente 264/2024 solicítase unha subvención para a mellora da cubrición do parque dos Sete Muiños. En que consiste a obra?

Resposta: Poñer unha cuberta téxtil e arranxar os xogos. Esta subvención é solo para parques infantís.





-Os maderistas piden permiso no concello para a saca de madeira polos camiños municipais.

Resposta: Temos unha ordenanza que regula eso, en virtude da cal os maderistas teñen que rexistrarse e cumprir unha serie de requisitos, pero non sempre o fan. Cando sabemos de algún que esta cortando madeira e non pediu permiso enviámoslle un requirimento para que o pidan.

-O aparcadoiro que hai detrás do concello, foi de uso público dende que eu teño razón, donde está regulado que sexa un aparcamento privado?

Resposta: É para uso do persoal do concello, é unha decisión que tomei eu persoalmente.

-Vimos nun decreto que se van a soterrar os contenedores que están na beirarrúa do Gadis. Fai uns anos anuláronse os que había no Curro Vello porque non eran viables polo que non entendemos porque se repite algo que se sabe que non vai funcionar.

Resposta: Non se repite porque vaise soterrar o de papel e vidro, non o de residuos orgánicos e teñen un sistema de funcionamento totalmente distinto.

-Na fonte do centro médico de Parga detectouse un vertido de gasóleo, sábese a orixe desta contaminación e que medidas se van tomar ao respecto.

Resposta: A orixe non se sabe, pero a día de hoxe non hai ningún residuo de hidrocarburo a vista e nas analíticas que se fixeron non deron ningún residuo de hidrocarburo. Esa fonte non esta tratada sanitariamente polo concello e sempre estivo xestionada pola feira de Parga.

-Teñen pensado facer algunha renovación dos indicadores de madeira que hai nas parroquias?

Resposta: Estamos con elo.

-Teñen pensado rematar os pasos de peóns que faltan por pintar?

Resposta: Hai unha partida nos orzamentos para iso, cando deixe de chover pintaranse

De seguido a alcaldesa procede a dar resposta as preguntas expostas no pleno de xaneiro polo voceiro/a do PP e BNG que quedaron pendentes de responder. Ante a negativa da Alcaldesa de que sexan os propios concelleiros/as destinatarios das preguntas os que respondan as mesmas, de conformidade con Regulamento Orgánico Municipal, os concelleiros/as do Partido Popular abandonan a sesión plenaria.

## **PREGUNTAS DO PLENO ANTERIOR**

### **PREGUNTAS PP**





-Pregunta para a Concelleira responsable da área de Integración, Promoción e Servizos Sociais. Pódenos dicir porque motivo esta a facer un taxi o servizo do Centro de Día cando ata fai pouco facíase coas furgonetas e persoal do concello?

**Resposta:** Ao desdobrar o transporte do centro de día os usuarios/as poden estar as horas de xornada completa que teñen adxudicada. Antes co transporte só do concello había que facer varias quendas e os usuarios/as estaban menos horas.

-Pregunta para o responsable da area de Medio Rural e Coordinación de Obras e Servizos nas Parroquias. Executouse a obra que se publicita no cartel que esta diante do cemiterio da parroquia dos Vilares: Mellora de camiños nos Vilares (Plan Único 2022)?

**Resposta:** Fixéronse con remanentes do Plan Único 2021, seguro que no cartel pon 2022 porque foi cando se executou a obra.

-Que accións se tomaron dende a alcaldía para solucionar o problema da casa situada na rúa do Concello (a carón da número 70), a cal ten os cristais todos rotos e cando hai temporal chegan a beirarrúa con grandes riscos para os peóns?

**Resposta:** Fíxoselle unha comunicación aos propietarios/as dos deberes legais de conservación e rehabilitación de construción e edificacións e das sancións que se poden impoñer.

## **PREGUNTAS BNG**

-Dende o pleno de novembro de 2023 e ata o día de hoxe, cantos reparos de carácter suspensivo de intervención tivo que levantar vostede?

**Resposta:** Dende o 31 de novembro 2023 ata o 25 de xaneiro de 2024 hai 21 informes de reparo de intervención.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**







## ÍNDICE DE ANEXOS ACTA PLN/2024/3

### A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 268/2024. Modificación do inventario municipal de camiños no lugar As Casas Novas- Parroquia de Pigara.

- Anexo 1. Ficha\_camiño\_10\_2287\_modificada






1:2.000

| "COD_CAMIÑO" | "longitud"      | "ancho" | "AREA"   | material | estado |
|--------------|-----------------|---------|----------|----------|--------|
| 10_2287      | 141,99823406162 | 2,5     | 354,9955 | TIERRA   | BUENO  |

INVENTARIO DE VIAS Y CAMINOS  
MARZO 2024

CONCELLO DE GUITIRIZ



1:2.000

| "REFERENCIA"   | "Xi"        | Xf        | "Yf"       |
|----------------|-------------|-----------|------------|
| 27022A00909019 | 603074,9443 | 603206,88 | 4785287,77 |



Cod. Validación: 6GJRNULZESQX2PE45FLN32W  
Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 54 a 54